



PROGRAMACIÓN ANUAL DE BIBLIOTECA

No curso 2022/23 o traballo de biblioteca estivo centrado na migración ao KOHA de todos os exemplares da biblioteca, a aprendizaxe do seu manexo e no comezo dun cambio cara unha biblioteca máis adecuada ao tempos actuais. É importante destacar que a Biblioteca deberá permanecer pechada temporalmente para poder achegar estas modificacións.

Os exemplares migrados, máis de 10.500 libros, non foron adecuadamente expurgados no seu momento polo que neste curso 2023/24 o traballo principal do Equipo de Biblioteca, coa axuda do resto do claustro e as nenas voluntarias de 5º e 6º de primaria, consistirá nun traballo de expurgo daqueles exemplares obsoletos, deteriorados ou con contidos menos apropiados para as idades do centro. Ademais se lles dará continuidade as actividades de fomento da lectura, búsqueda de información ou celebración de datas significativas e/ou conmemoracións.

OBXECTIVOS PROPOSTOS

- ✚ Continuar có cambio estrutural e organizativo da Biblioteca (eliminar estanterías, cambiar mobiliario, pintar, reestructurar as categorías partindo da CDU)
- ✚ Iniciar o expurgo de libros e reorganizar os espazos dispoñibles (ampliación a outras zonas).
- ✚ Realizar actividades que contribúan ao fomento do hábito da lectura e escritura entre o noso alumnado, tanto de Infantil coma de Primaria.
- ✚ Diseñar actividades que sirvan de apoio ao desenvolvemento do proxecto lector.
- ✚ Buscar información sobre temáticas traballadas en aulas e centro (horto escolar, polos creativos, reciclaxe...).
- ✚ Realizar o préstamo semanalmente ao alumnado de infantil e primaria (a partir da apertura da nova Biblioteca)
- ✚ Actualizar e publicar novidades ou actividades nas RRSS do centro e na páxina web (tamén en pleno cambio).
- ✚ Xestión e organización: continuar coa catalogación de fondos propios da biblioteca, etiquetalos cos códigos de barras propios do KOHA e darlle continuidade ao expurgo dos libros, o que permitirá mellorar as bibliotecas de aula, que actualmente están nun estado precario.
- ✚ Levar a cabo unha formación do profesorado con respecto ao uso do KOHA.
- ✚ Informar a profesores sobre o funcionamento e as posibilidades que lle ofrece a biblioteca para fomentar a súa utilización por parte das titorías.
- ✚ Lograr a participación familiar, propoñendo actividades nas que poidan participar os familiares do alumnado.
- ✚ Crear un espazo xuvenil e adulto na biblioteca para potenciar o seu uso polas familias.
- ✚ Colaborar co equipo de TIC e EDLG na elaboración de actividades e de materiais.

- ✚ Usar os xogos do corredor anexo e os libros colocados nas novas estanterías distribuídas nos exteriores da biblioteca.
- ✚ Entrar progresivamente nos diversos Programas de Bibliotecas xestionados pola Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia: o primeiro deles será o Voluntariado de Primaria, coa participación dos nenos e nenas de 5º e 6º (Voluntariado D e Voluntariado F)
- ✚ Realización de apadriñamentos lectores emparexando ao alumnado de cursos superiores cos máis pequenos para facer lecturas o último venres de cada mes.
- ✚ Creación da "Patioteca", unha biblioteca de patio para ofrecer lecturas no exterior durante os recreos, xestionada polos voluntarios.
- ✚ Crear un clube de lectura no terceiro trimestre de cara a entrar no programa no curso 2024/25.
- ✚ Creación dun "Espazo Escornabot" coa finalidade de entrar non programa no curso 2024/25.
- ✚ Creación dun "Espazo Lego" combinado coa lectura coa finalidade de entrar no programa "Bibliotecas Creativas" no curso 2024/25.
- ✚ Outras actividades: mercadillo de doazóns de Nadal (partindo do e/xpurgo), mercadillo solidario (Día do Libro), Carreira Solidaria, Día de Rosalía, Letras Galegas...
- ✚ Seguir renovando os exemplares da Biblioteca coa dotación do PLAMBE, este ano co obxectivo de mellorar e potenciar unha sección "olvidada": a Banda Deseñada.

COMPETENCIAS CLAVE

Dende a biblioteca contribuiremos ás competencias clave do seguinte xeito:

- ✓ Competencia en comunicación lingüística (CCL). Traballada mediante lecturas, debates, clube de lectura, elaboración de cartelería, etc.
- ✓ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia, tecnoloxía e inxeniería (STEM) aplicando coñecementos "científicos" para realizar actividades da "vida real", robótica...
- ✓ Competencia dixital (CD). Buscamos a creación dun novo "Espazo Escornabot", facendo sitio para a robótica na Biblioteca.
- ✓ Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA). Traballada mediante a realización de actividades onde o alumnado ten que ser autosuficiente.
- ✓ Competencias cidadana (CC). Facendo partícipes ao voluntariado e resto de alumnado na creación de espazos e cambios na biblioteca, participando nas lecturas compartidas dentro e fóra do centro, etc.
- ✓ Competencia emprendedora (CE). Seguindo a liña anterior.
- ✓ Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC). A colaboración co EDLG permitiranos crear e elaborar concursos, murais, conmemoracións e darlle máis visibilidade á nosa lingua.

INDICADORES DE AVALIACIÓN:

Cumprimento do calendario de reunións (S/N).

Grao de consecución dos obxectivos (alto/medio/baixo).

Expurgo de exemplares (S/N).

Modificación de espazos da biblioteca (S/N).

Catalogación de novos fondos (S/N).

Cuestionario de satisfacción, suxestións e melloras do alumnado usuario da Biblioteca.

Cuestionario de satisfacción, suxestións e melloras do voluntariado

Programación aprobada por Consello Escolar o día 9 de xaneiro e engadida á PXA 23-24 do centro.

32696731T

LAURA GALDO

(R: Q6555402D)

Firmado digitalmente
por 32696731T LAURA
GALDO (R: Q6555402D)
Fecha: 2024.01.10
12:49:25 +01'00'

PXA

Programación Xeral Anual 2023-24

CEIP LeDicia

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	1
1.1. Datos do centro.....	2
1.2. Características socioculturais	2
1.3 Ensinanzas.....	3
1.4 Espazos.....	3
1.5 Persoal non docente.....	3
1.6. Profesorado	4
1.7. Equipos de ciclo	4
1.8. Equipos de dinamización.....	5
2. ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN.....	5
2.1. Equipo Directivo.....	5
2.2. Claustro	5
2.3 Consello Escolar.....	5
2.4 CCP e DO.....	6
2.5 Outros órganos de goberno.....	6
2.6. Horarios	7
2.7. Saídas escolares	9
2.8. Libros de texto e material escolar.....	9
3. OBXECTIVOS.....	10
Alumnado.....	10
Profesorado	11
Familias.....	11
Centro.....	12
4. PROGRAMAS E PLANS DE ACTUACIÓN.....	13
5. ANEXOS.....	14
Anexo I Plan de Igualdade	
Anexo II Proxecto Lingüístico	
Anexo III Plan Lector	
Anexo IV Plan TIC	
Anexo V Plan Dixital de Centro	
Anexo VI Plan de Orientación	

INTRODUCCIÓN

A PXA é o documento no que se presentan a organización e se fixan os obxectivos do CEIP Leticia para o curso 2023-24, segundo se establece no decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro) e a orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro), da Consellería de Ordenación Universitaria, que establece a súa elaboración como un requirimento obrigatorio para os Centros Educativos.

Tal programación é un proxecto que xurde da necesidade de establecer uns criterios de actuación compartidos e asumidos pola comunidade educativa, coa fin de mellorar o máximo posible a organización e funcionamento do colexio e coa pretensión final de conseguir o maior éxito escolar posible do alumnado do Centro.

1. O CENTRO ESCOLAR:

1.1. Datos do centro:

O Colexio de Educación Infantil e Primaria “Ledicia” é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Ten o seu domicilio na Rúa Cuco Ruiz, s/n, 15406 de Ferrol. O enderezo de correo electrónico é: ceip.ledicia@edu.xunta.gal e a súa páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipledicia/>

1.2. Características socioculturais

O CEIP Ledicia atópase nunha zona costeira da provincia da Coruña, concretamente no barrio de Caranza, na cidade de Ferrol.

O barrio de Caranza amosa unhas características singulares dende o punto de vista socioeconómico e cultural, as cales se ven reflectidas na escola. A poboación que se veu asentando no barrio foi moi heteroxénea: traballadores e traballadoras, fundamentalmente do sector naval, procedentes en primeira ou segunda liña do medio rural ou do derrubado barrio ferrolán de Esteiro, poboacións de etnias minorizadas, e mesmo profesionais das clases medias ou medias altas (enxeñeiros, médicos, militares,...) que se asentaron en edificios de cooperativas.

Contou o barrio dende o seu comezo cun forte asociacionismo, fundamentalmente no ámbito da Asociación de Veciños, e das culturais e deportivas, que teimou duramente para conseguir os servizos e os espazos necesarios para constituír un lugar habitable e mesmo acoledor. Ó longo destes anos foise conseguindo, aínda que quedan cousas por facer e mellorar.

Sen embargo, esa heteroxeneidade da poboación, por estatus e por procedencia, impediu que o barrio tivese un asentamento cultural, dándose a circunstancia de que ás novas xeracións nadas no barrio non se lles transmitiron as raíces culturais (de xeito salientable, a lingua) que os máis maiores posúen, e presentan unha certa alienación cultural e unha escasa presenza de valores en moitos casos que, unida á recorrente crise económica e ás conseguíntes situacións de falta de traballo, dificultan enormemente a intervención escolar e crean con certa frecuencia situacións de conflito social.

Unha das eivas importantes, que tamén ten a súa tradución na escola, é a baixa presenza dos servizos sociais do concello, atopándonos con que moitas problemáticas escolares derivadas de situacións de conflitos familiares ou situacións de desamparo, non son atendidas convenientemente. Resulta imprescindible poder contar con persoal de traballo social que sirva de ponte e dirección naqueles casos de forte desestruturación familiar ou outras problemáticas que inciden de xeito moi notable na intervención educativa.

O barrio ten, non obstante, unha saúde de ferro e sabe xuntarse para demandar cando é necesario, e tamén sabe festexar e divertirse en múltiples ocasións ó longo do ano, a través de celebracións e festas nas que se fai presente o sentido comunitario e procurar polo tanto unha personalidade de barrio propia.

1.3. Ensinanzas:

O noso centro conta cunha liña en Educación Infantil e unha en Educación Primaria, é dicir 3 unidades de EI e 6 de EP, cun total de alumnado de 134 matriculados no curso 23-24. Cabe sinalar que este é un centro que recibe novo alumnado durante todo o curso.

A xornada lectiva é única, distribuíndose de 9:00 a 14:00 horas. Polas tardes, o centro permanece aberto para a realización de actividades extraescolares e de atención da biblioteca escolar en horario de 16 a 17:30 hora. Ademais a tarde dos martes, está destinada as reunións de coordinación co Departamento de Orientación, xuntanzas dos órganos de coordinación docente, tutorías coas familias, etc. Cabe sinalar, que conta con servizos complementarios como o servizo de madrugadores e comedor para o almorzo e xantar dos nenos/as.

1.4. Espazos:

O centro conta cun edificio principal, que alberga as 3 unidades educación infantil, as 6 unidades de educación primaria e os servizos comúns. No exterior dispónse dun amplo espazo verde, case completamente plantado de árbores e prantas, de xardíns e horto escolar. Tamén conta cun pavillón polideportivo cuberto con dúas pistas e un pequeno almacén.

O edificio dispón de espazos comúns a todo o alumnado do centro como a biblioteca, a aula de usos múltiples, a aula de Polos Creativos e a radio escolar.

1.5. Persoal non Docente:

O centro conta con un Conserxe que depende directamente de alcaldía do Concello de Ferrol O seu horario e funcións as establece o centro segundo as necesidades. Ocupa o posto Jose Francisco Pedreira Gutiérrez cun horario de 8:15 a 14:30 de luns a venres e os martes pola tarde de 16:00 a 19:00 h

1.6. Alumnado:

NIVEL	NÚMERO DE ALUMNAS/OS	% MATRÍCULA
EDUCACIÓN INFANTIL - 3 ANOS	11	47% <small>(Ratio reducida a 23)</small>
EDUCACIÓN INFANTIL - 4 ANOS	8	35%
EDUCACIÓN INFANTIL - 5 ANOS	15	65%
TOTAL EDUCACIÓN INFANTIL	34	49%
1º EDUCACIÓN PRIMARIA	16	64%
2º EDUCACIÓN PRIMARIA	19	76%
3º EDUCACIÓN PRIMARIA	16	68%
4º EDUCACIÓN PRIMARIA	18	72%
5º EDUCACIÓN PRIMARIA	15	60%
6ºA EDUCACIÓN PRIMARIA	15	60%
TOTAL EDUCACIÓN PRIMARIA	100	67%
TOTAL COLEXIO	134	61%

1.7. Profesorado (Adscripción oficial):

CLAUSTRO DO PROFESORADO		
4º EDUCACIÓN INFANTIL	Mª Begoña Redondo Carballo	O funcionamento, os dereitos e os deberes do Claustro do Profesorado do CEIP LEDICIA vén rexido polas seguintes disposicións legais: * Decreto 92/1988 de 28-04 (DOG 29-04-88) * Decreto 279/1990 de 27-04 * R.O.C. Decreto 374/1996 de 17-10 (DOG 21-10-96) * Orde do 22 de xullo de 1997 que desenvolve o decreto anterior.
5º EDUCACIÓN INFANTIL	Noa Pérez Saborido	
6º EDUCACIÓN INFANTIL	Olaya Bayón Rodríguez	
APOIO A EDUCACIÓN INFANTIL/ XEFATURA DE ESTUDOS	Vanessa Fachal Mella	
1º EDUCACIÓN PRIMARIA	Paula Díaz Rodríguez	
2º EDUCACIÓN PRIMARIA	Mª Sandra Cendán Tojeiro	
3º EDUCACIÓN PRIMARIA	Remedios Fernández Piñeiro	
4º EDUCACIÓN PRIMARIA/ AUDIÇÃO E LINGUAXE	Susana García Bouza	
5º EDUCACIÓN PRIMARIA	Laura López Rodríguez	
6º EDUCACIÓN PRIMARIA	Lucía Hernández Gallego	
EDUCACIÓN MUSICAL EP / SECRETARIA/ Lingua en 4º de EP	Estefanía Bustabad Rodríguez	
LINGUA INGLESA	Pablo Monteagudo Gómez	
AUDIÇÃO E LINGUAXE / DIRECCIÓN ORIENTACIÓN	Laura Galdo Leal	
ORIENTACIÓN	Isabel Aneiros Castro (Compartida con CEIP A Laxe)	
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Marcos Salgado Vázquez	
RELIXIÓN CATÓLICA	Gonzalo Ignacio Iglesias Rivera (Itinerante con CEIP de Esteiro)	
RELIXIÓN EVANXÉLICA	Rosa Mª Saavedra Doce (Itinerante con CEIP San Xoan de Filgueiras e CEIP Ángela Ruíz Robles)	
EDUCACIÓN FÍSICA EI-EP/ Lingua en 4º de EP	Diego Lorenzo Muñoz	

1.8. Equipos de ciclo

EDUCACIÓN INFANTIL:

- Vanessa Fachal Mella (mestra de apoio e coordinadora)
- Mª Begoña Redondo Carballo (titora 4º EI)
- Noa Pérez Saborido (titora 5º EI)
- Olaya Bayón Rodríguez (titora 6º EI)
- Laura Galdo Leal (AL)

1º CICLO DE EP:

- Paula Díaz Rodríguez (titora de 1º de EP e coordinadora)
- Mª Sandra Cendán Tojeiro (titora 2º de EP)
- Marcos Salgado Vázquez (PT)
- Rosa Mª Saavedra Doce (mestra de R. Evanxélica)

2º CICLO DE EP:

- Remedios Fernández Piñeiro (titora de 3º de EP e coordinadora)
- Susana García Bouza (titora 4º de EP e AL)
- Estefanía Bustabad Rodríguez (Música)
- Diego Lorenzo Muñoz (EF)

3º CICLO DE EP:

- Laura López Rodríguez (titora de 5º de EP e coordinadora)
- Lucía Hernández Gallego (titora 6º de EP)
- Pablo Monteagudo Gómez (Inglés)
- Isabel Aneiros Castro (Orientadora)

1.9. Equipos de Dinamización

DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR:

- Olaya Bayón Rodríguez (coordinadora)
- Vanesa Fachal Mella

BIBLIOTECA:

- Diego Lorenzo Muñoz (coordinador)
- Noa Pérez Saborido
- Pablo Monteagudo Gómez
- Susana García Bouza
- Isabel Aneiros Castro
- Paula Díaz Rodríguez

DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA:

- Lucía Hernández Gallego (coordinadora)
- Marcos Salgado Vázquez
- Susana García Bouzas
- Olaya Bayón Rodríguez
- Jose Francisco Pedreira Gutierrez (Persoal non docente)

DINAMIZACIÓN DE POLOS CREATIVOS:

- Mª Sandra Cendán Tojeiro (coordinadora)
- Noa Pérez Saborido
- Remedios Fernández Piñeiro
- Begoña Redondo Carballo
- Lucía Hernández Gallego

DINAMIZACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN:

- Pablo Monteagudo Gómez (coordinador tamén de E-Dixgal e Abalar)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

- Paula Díaz Rodríguez (coordinadora)
- Laura Galdo Leal
- Laura López Rodríguez
- Mª Sandra Cendán Tojeiro
- Diego Lorenzo Muñoz

2. ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

2.1. Equipo directivo:

EQUIPO DIRECTIVO	
Directora	Laura Galdo Leal
Xefa de Estudos	Vanesa Fachal Mella
Secretaria	Estefanía Bustabad Rodríguez

2.2. Claustro: Consta no apartado 1.5 Adscripción profesorado

2.3. Consello Escolar:

CONSELLO ESCOLAR		
PRESIDENTA	Laura Galdo Leal	Rexido por: Decreto 92/1988 de 28-04 (DOG 29-04-88) Decreto 279/1990 de 27-04 R.O.C. Decreto 374/1996 de 17-10 (DOG 21- 10-96) lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio (LOE) Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro (LOMCE) Para determinar as persoas concretas a substituír no momento que sexa preceptivo, haberá que aterse inicialmente á voluntariedade. Se esta non se producise, os afectados serían os seguintes: -Profesorado: menor antigüidade no centro, no corpo e menor idade, por esta orde. -Pais e nais de alumnos ou alumnas: os que antes vaian deixar de formar parte da comunidade educativa, tendo en conta o curso escolar dos seus fillos/as. En caso de igualdade, determinarase por orde alfabética, sendo o afectado o que primeiro apareza nesa orde.
XEFA DE ESTUDOS	Vanesa Fachal Mella	
Secretaria (con voz, pero sen voto)	Estefanía Bustabad Rodríguez	
Representante do profesorado	Noa Pérez Saborido	
Representante do profesorado	Olaya Bayón Rodríguez	
Representante do profesorado	Marcos Salgado Vázquez	
Representante do profesorado	Mª Sandra Cendán Tojeiro	
Representante da ANPA	Priscila Cubero Ferreiro	
Representante das Familias	Fernanda Rodríguez Rouco	
Representante das Familias	Pablo Veiga García	
Representante das Familias	Cristina Sedes Cortizas	
Representante das Familias	Natalia Yañez Bustabad	
Representante das Persoal non docente	José Francisco Pedreira Guitiérrez	
Representante do Concello	Rosa Mª Martínez	

2.4. Comisión de coordinación Pedagóxica (CCP) E Departamento de Orientación:

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA (CCP)	
PRESIDENTA	Isabel Aneiros Castro
SECRETARIO/A	Marcos Salgado Vázquez
XEFA DE ESTUDOS	Vanesa Fachal Mella
COORDINADOR/A EI	Vanesa Fachal Mella
COORDINADOR/A 1º-2º EP	Paula Díaz Rodríguez
COORDINADOR/A 3º-4º EP	Remedios Fernández Piñeiro
COORDINADOR/A 5º-6ºEP	Laura López Rodríguez
DLG	Lucía Hernández Gallego
ORIENTACIÓN	Isabel Aneiros Castro
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Marcos Salgado Vázquez
AUDICIÓN E LINGUAXE 1	Laura Galdo Leal
AUDICIÓN E LINGUAXE 2	Susana García Bouzas
BIBLIOTECA	Diego Lorenzo Muñoz

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (DO)	
COORDINADOR/A	Isabel Aneiros Castro
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Marcos Salgado Vázquez
AUDICIÓN E LINGUAXE	Laura Galdo Leal
AUDICIÓN E LINGUAXE	Susana García Bouzas
COORDINADORA EI	Vanesa Fachal Mella
COORDINADORA DE 1º CICLO	Paula Díaz Rodríguez
COORDINADORA DE 2º CICLO	Remedios Fernández Piñeiro
COORDINADORA DE 3º CICLO	Laura López Rodríguez

2.5. Outros Órganos de goberno:

XUNTA ECONÓMICA		
PRESIDENTA	Laura Galdo Leal	Rexida por: Decreto 92/1988 de 28-04 Art. 57 (DOG 29- 04-88). R.O.C. Decreto 374/1996 de 17-10 Art. 20.3 (DOG 21-10-96) Suxeito ás variacións producidas nas eleccións do CE.
SECRETARIA	Estefanía Bustabad Rodríguez	
Representante das familias	Priscila Cubero Ferreiro	
Representante do profesorado	Vanesa Fachal Mella	

COMISIÓN DE CONVIVENCIA ESCOLAR		
PRESIDENTA	Laura Galdo Leal	Rexida por: Lei 4/2011 do 30 de xuño de Convivencia e participación da comunidade educativa. Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011 do 30 de xuño.
SECRETARIA	Estefanía Bustabad Rodríguez	
REPRESENTANTE DO PROFESORADO	Olaya Bayón Rodríguez (coordinadora de Convivencia)	
REPRESENTANTE DAS FAMILIAS	Fernanda Rodríguez Rouco	
REPRESENTANTE DAS FAMILIAS	Pablo Veiga García	
REPRESENTANTE PERSOAL NON DOCENTE	José Francisco Pedreira Guitiérrez	

2.6. Horarios:

O calendario escolar ven establecido na Orde de 3 de Maio de 2023 e nel se establece que o periodo lectivo comprenderá do 11 de setembro ao 21 de xuño (ambos incluídos). Os periodos vacaciónais serán os seguintes:

Nadal: Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro

Entroido: 12,13 e 14 de febreiro

Semana Santa: Do 25 de marzo ao 1 de abril

Ademáis serán días non lectivos:

- O 13 de Outubro (elexido polo claustro)
- O 7 de decembro. Día do Ensino a nivel galego
- O 19 de Marzo, elexido como festivo polo Concello

As datas nas que se realizarán as xuntas de avaliación e entregas de boletíns quedan detalladas no seguinte cadro:

	XUNTA DE AVALIACIÓN	ENTREGA DE BOLETINS
1º Trimestre	18 e 19 de decembro	21 de decembro
2º Trimestre	18 de marzo	22 de marzo
3º Trimestre	17 e 18 de xuño	21 de xuño

O centro conta con xornada única de 9:00 a 14:00h de luns a venres divididas en sete periodos ou sesións: 5 delas de 50 min para as diferentes materias/áreas, unha dúas de 25 min que corresponden co recreo o a “hora de ler”

O profesorado terá unha xornada semanal de 25 horas lectivas (incluídas gardas e apoios) e outras 5 horas (titorías e orientación do alumnado, reunións diversas, avaliacións, dinamizacións e gardas de tarde) para dar cumprimento á Orde de 23-06-11 (DOG 30-06-11). O martes pola tarde as reunións seguirán o seguinte calendario:

HORA	1º MARTES	2º MARTES	3º MARTES	4º MARTES
16:30	DO con titorías	CCP/DO	Normateca Extraescolares	Polos Convivencia
17:15		CICLOS		
18:00	Titorías familias	Titorías familias	Titorías familias	Titorías familias

Durante a xornada de mañá estableceranse as gardas necesarias para o funcionamento do centro, concretamente:

QUENDAS HORA DE LER EP					
Curso	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
1º	Gonzalo	Paula	Paula	Paula	Marcos
2º	Rosa	Sandra	Sandra	Sandra	Rosa
3º	Reme	Fani	Reme	Reme	Pablo
4º	Diego	Susi	Pablo	Susi	Susi
5º	Vane	Laura L.	Isa	Laura L.	Laura L.
6º	Marcos	Lucía	Marcos	Lucía	Lucía

QUENDAS DE PATIO E HORA DE LER EI					
	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
Patio	Laura Isa	Reme Olaya	Laura L Begoña	Fani Olaya	Vane Laura
Hora de ler	Olaya Paula	Begoña Noa	Vane Lucía	Begoña Noa	Noa Fani

QUENDAS DE PATIO EP					
	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
Montaña	Sandra	Laura G.	Laura G.	Rotación	Gonzalo
Canastas	Fani	Marcos	Noa		Begoña
Pavillón	Susi	Vane	Olaya		Rosa
Biblioteca	Pablo	Diego	Diego	Pablo	Diego
	Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3		

ROTACIONS XOVES PATIOS EP					
1º AVALIACION		2º AVALIACION		3º AVALIACION	
DÍA	GRUPO	DÍA	GRUPO	DÍA	GRUPO
14 set	Grupo 1	11 xan	Grupo 2	4 abr	Grupo 1
21 set	Grupo 2	18 xan	Grupo 3	11 abr	Grupo 2
28 set	Grupo 3	25 xan	Grupo 4	18 abr	Grupo 3
5 oct	Grupo 4	1 feb	Grupo 1	25 abr	Grupo 4
19 oct	Grupo 1	8 feb	Grupo 2	2 mai	Grupo 1
26 oct	Grupo 2	15 feb	Grupo 3	9 mai	Grupo 2
2 nov	Grupo 3	22 feb	Grupo 4	16 mai	Grupo 3
9 nov	Grupo 4	29 feb	Grupo 1	23 mai	Grupo 4
16 nov	Grupo 1	7 mar	Grupo 2	30 mai	Grupo 1
23 nov	Grupo 2	14 mar	Grupo 3	7 xuñ	Grupo 2
30 nov	Grupo 3	21 mar	Grupo 4	14 xuñ	Grupo 3
14 dec	Grupo 4			21 xuñ	Grupo 4
21 dec	Grupo 1				

PATIOS- GRUPOS ROTACIONS XOVES				
	Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3	Grupo 4
Montaña	Sandra	Laura G.	Vane	Begoña
Canastas	Diego	Susi	Noa	Paula
Pavillón	Marcos	Reme	Laura L.	Lucía

Polas tardes o horario do profesorado de garda será de 16:00 a 17:30 horas e as actividades extraescolares que de realizarán este curso serán as seguintes:

ACTIVIDADE	ALUMNADO A QUEN SE DIRIXE	DÍA DA SEMANA
ROBÓTICA	De 4º de EI a 6º de EP	Mércores
LINGUA DE SIGNOS	De 4º de EI a 6º de EP	Xoves
PATINAXE	EI e 1º ciclo de EP	Martes
PATINAXE	2º e 3º ciclo de EP	Luns
BAILE E MÚSICA TRADICIONAL GALEGA	EI e 1º ciclo de EP	Mércores
BAILE E MÚSICA TRADICIONAL GALEGA	2º e 3º ciclo de EP	Martes
TEATRO	EI e 1º ciclo de EP	Luns
BAILE MODERNO	2º e 3º ciclo de EP	Xoves

2.7. Saídas escolares:

Segundo se recolle nas NOF do centro, quedan aprobadas todas aquelas saídas pola contorna sempre que non excedan os límites do Concello de Ferrol. Ademais, as saídas escolares planificadas para este curso son:

- Ed. Infantil
 - Saída ao teatro- Narón
 - Saída ao Acuarium e á Casa das Ciencias
 - Saída á Granxa escola Belette
 - 6º Infantil saída a Marcelle
- 2º Ciclo
 - Saída polo barrio
 - Visita cuartel de Dolores
 - Casa das ciencias
 - Exponav/Museo Naval
 - Centro interpretación de Mugarbos
- 1º Ciclo
 - 1º trimestre: saída a diferentes museos (casa das ciencias, Domus e MUNCYT) en A Coruña
 - 2º trimestre: saída pola contorna e visita a diferentes edificios de servizos de Ferrol (mercado, lonxa...)
 - 3º trimestre: visita ao castelo de San Felipe e praias cercanas
- 3º Ciclo
 - Por determinar
 - Realizarán tamén aquelas saídas e visitas que se organicen ao longo do curso en función dos proxectos e dos propios intereses dos nenos e nenas

Saída fin de PRIMARIA. Este curso non corresponde realizar a saída de fin de etapa posto que segundo acordo de centro, esta se realiza cada dous anos, asistindo á mesma o alumnado de 5º e 6º de EP. Tocaré realizarla en Xuño de 2025.

2.8. Libros de texto e materiais:

Os libros de texto elexidos para este curso, constan publicados na páxina web do centro no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelmasdias/?q=system/files/LIBROS.pdf>

Asimesmo, este curso comezamos a facer cooperativas nas diferentes titorías co fin de economizar os recursos mercados polas familias e facilitar a compra de materiais que xurden ao longo do curso pola realización de proxectos ou actividades. Aínda así, e por si algunha familia prefire mercar o material ou é beneficiaria dun Cheque de material da Xunta de Galicia ou do Concello de Ferrol, temos publicada tamén a listaxe de materiais necesarios para cada curso:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelmasdias/?q=system/files/MATERIAL.pdf>

3. OBXECTIVOS

OBXECTIVOS E PROPOSTAS PARA CONSEGUILOS

OBXECTIVOS	PROPOSTAS/MEDIDAS
<p>1. Respetar as liberdades individuais e as normas de convivencia e disciplina (NOFC).</p>	<p>Facer coñecedores ao alumnado das normas de organización e funcionamento do centro (NOFC) Renovación e actualización do NOFC ao longo dos cursos 2023-2025</p> <p>Facer paneis ou documentos informativos das normas principais para as aulas.</p> <p>Aquelas recollidas no Plan de Convivencia.</p>
<p>2. Fomentar a lectura</p>	<p>As propostas no Plan Anual de Lectura.</p>
<p>3. Normalizar o uso da lingua galega.</p>	<p>Todas as previstas no Proxecto Lingüístico do centro centrado en que o alumnado teña un modelo de lingua galega no profesorado necesario ao non ter, moitos deles, familiares ou persoas que falen en galego na súa contorna próxima</p> <p>As propostas no Proxecto de Fomento do Uso da Lingua Galega. Renovación e actualización do Proxecto Lingüístico de Centro para os cursos 2023-2026.</p>
<p>1. A L U M N A D O</p> <p>4. Traballar pola igualdade entre nenos e nenas e as brechas e prexuízos de xénero</p>	<p>Dar instrucións para que as programacións incidan, especialmente na competencia social, cívica e cidadá (LOMLOE), na igualdade de xénero.</p> <p>Promover a inclusión de nenos e nenas nos xogos e actividades ligadas á tradicións sexistas. Intervir de inmediato co alumnado cando se escoiten comentarios de tipo sexista, facéndolles comprender que os xoguetes, forma de vestir, xogos ou preferencias non teñen que ver co xénero.</p> <p>Promover e realizar actividades relacionadas con mulleres en ámbitos historicamente ligados ao sexo masculino como mulleres científicas aproveitando o “mes da ciencia en galego” (novembro) ou mulleres con profesións coma mecánica, bombeira...para traballar no día da muller traballadora.</p> <p>Preparar e colocar paneis nos corredores do colexio elaborados polo alumnado que teñan como tema a igualdade de xénero, cun traballo previo explicativo dende as titorías.</p> <p>Realización dun programa especial de radio no mes da muller traballadora centrado en dinuir a brecha de xénero en determinadas profesións</p>
<p>5. Favorecer a visibilidade do colectivo LGBTIQA+</p>	<p>Integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual realizando actividades específicas preto das datas de celebración relacionadas co recoñecemento afectivo das persoas LGBTIQA+ (art 26.2 da Lei 2/2014 do 14 de abril)</p>
<p>6. Favorecer e mellorar aspectos curriculares</p>	<p>Durante a avaliación do alumnado detéctanse certos erros e problemas na expresión escrita. Realizar actividades relacionadas coas bases da lectoescritura e a comprensión lectora dende as titorías.</p>
<p>7. Mellorar a seguridade persoal do alumnado, profesorado, familias...</p>	<p>Realizar polo menos un simulacro de evacuación do centro (sen previo aviso, convenientemente informados e con dificultades crecentes)</p> <p>Revisión e substitución, se fose o caso, dos extintores caducados.</p> <p>As propostas no Plan de Autoprotección do centro</p>

OBXECTIVOS E PROPOSTAS PARA CONSEGUILOS

	OBXECTIVOS	PROPOSTAS/MEDIDAS
1. A L U M N A D O	8. Mellorar a integración do alumnado das minorías étnicas.	Realización do II Festival intercultural do centro coa participación da ANPA e a asociación de veciños do Barrio con actuacións con representación das diferentes etnias presentes na escola
		Festexar o día da etnia xitana (8 de abril) con actividades encamiñadas ao coñecemento das súas tradicións.
		Integrar na biblioteca escolar contos adicados a outras culturas e tradicións.
	9. Revisión e optimización dos tempos de estudo	Actualización do Plan de Acolida
2. P R O F E S O R A D O	Os deberes deberán propoñerse na súa xusta medida e tendo en conta a lexislación actual co fin de que o alumnado non estea ocupado nestas tarefas máis tempo do aconsellable e adaptado a súa idade e capacidades.	Realización de actividades relacionadas coas técnicas de estudo no 2º e 3º ciclo de EP (DO)
	1. Mellorar o proceso de incorporación do novo profesorado.	Actualizar anualmente o dossier de benvinda do profesorado que se incorpora ao centro onde consta a organización, os recursos, zonas do cole, materiais...
	2. Fomentar a participación en programas de formación para o profesorado.	Potenciar a información sobre cursos de formación, grupos de traballo e seminarios organizados polo CFR e outras plataformas e organismos
		Realizar un PFPP centrado nas necesidades reais do centro
	3. Facilitar o achegamento do profesorado ás TICs	Potenciar a participación do maior números de mestres/as no PFPP do centro.
		Utilización por parte do profesorado da plataforma AbalarMobil como medio de comunicación coas familias
4. Promover o achegamento a novas metodoloxías	Actualización da páxina web do centro e utilización da mesma como canle comunicativo coa comunidade educativa.	
	Utilización do PROENS para a realización das programacións e AC.	
	5. Mellorar o coñecemento e trato das persoas do colectivo LGBTIQA+	Incidir na introdución de novas prácticas metodolóxicas e en especial, da disciplina positiva para a xestión de conflitos entre o alumnado. Incorporación dunha liña do PFPP encamiñada a este obxectivo.
3. F A M I L I A S	1. Aumentar a participación das familias nas actividades escolares	Potenciar e facilitar información sobre este colectivo e integrar actividades nas programacións
		Promocionar información e favorecer a participación de novos socios na ANPA do centro
		Fomentar a participación de pais (homes) nas reunións de titorias tanto grupais como individuais e nas actividades e celebracións do centro.
		Realizar as celebracións e conmemoracións do centro (Magosto, Samaín e Nadal) pola tarde para facilitar a participación das familias.
		Realizar ó menos tres reunións grupais de titorias coas familias (unha por trimestre) e unha individual

OBXECTIVOS E PROPOSTAS PARA CONSEGUILOS

OBXECTIVOS	PROPOSTAS/MEDIDAS	
1. Actualizar os documentos do centro	Realización dun grupo de traballo dentro do PFPP do centro para a actualización dos diferentes documentos de carácter organizativo.	
2. Integrar a perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades nos documentos organizativos do centro.	Establecer pautas para a revisión dos documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.	
	Impulsar a formación e participación das familias na acción coeducativa e na promoción da igualdade de oportunidades.	
	Realizar ao menos unha actividade durante o curso que teña que ver co colectivo LGBTIQA+	
3. Fomentar o contacto e participación con servizos externos	Realización de reunións presenciais ou telefónicas cos diferentes profesionais que están en contacto co noso alumnado, principalmente aqueles que presentan aneae	
4. Estreitar lazos coa Universidade de A Coruña	Manter os habituais "Practicum I e II" do Grao Universitario de Maxisterio.	
	Intentar establecer un acordo coa Facultade de Humanidades para que os seus alumnos/ as poidan elixir o noso centro para facer prácticas de biblioteca.	
C E N T R O	5. Manter e mellorar a relación coa prensa, radio, tv.	Promocionar as actividades, novidades, etc, nos medios de comunicación.
	6. Manter a colaboración e contacto co Concello	Informar daqueles aspectos de mantemento necesarios para o bo funcionamento do centro
		Continuar co ensino de Xadrez nos curso de 6º de EI e 1º, 2º e 3º de EP
		Continuar co programa de Natación escolar para os curso de 3º e 4º de EP
	7. Mellorar o coñecemento dos recursos do centro	Realización do mantemento do inventario feito e introdución no mesmo das novas compras
		Realización de inventarios de aulas e espazos que non o teñan
	8. Modificar os espazos do centro	Modernizar e adecuar á nova normativa en materia de espazos aquelas aulas o zonas do centro onde sexa necesario
		Modificación e mellora dos espazos de patio e recreo do centro (liña de actuación do PFPP)
	9. Mellorar os procesos de avaliación	Realizar todas as sesións de avaliación preceptivas, incluída a inicial, nas datas acordadas en claustro.
		Realizar a avaliación da función docente en cada sesión de avaliación.
Comezar a realizar todas as actas de sesións de avaliación en formato dixital.		
10. Mellorar os procesos de información sobre as actividades do colexio.	Actualizar e poñer ao alcance da comunidade educativa a páxina web do colexio(webs dinámicas da Consellería de Educación) que poña en valor as actividades educativas e a vida cotiá do centro escolar	
	Que cada vez máis profesorado introduza, cun certo hábito, contidos na web.	
	Promover e favorecer que a ANPA introduza información e contidos na páxina Web (blogue)	

OBXECTIVOS E PROPOSTAS PARA CONSEGUILOS

	OBXECTIVOS	PROPOSTAS/MEDIDAS
4. C E N T R O	11. Mellorar a informatización administrativa	<p>Introducir os documentos do centro que se vaian actualizando na páxina web</p> <p>Facilitar dende a páxina web os procesos administrativos via Sede electrónica do Concello ou da Xunta de Galicia</p>
	12. Potenciar o uso das TICs en todas as aulas.	<p>Facer un estudo de necesidades de reposición de equipos en todo o centro e incluílas no Plan Dixital de centro do curso 23-24 solicitando dita reposición por parte da Consellería.</p> <p>Intentar que o alumnado de cada curso pase por ao menos dúas actividades na aula de Polos Creativos ao longo do curs</p>
	13. Mellorar o estado de limpeza do recinto escolar, aulas e o bo estado do xardín de plantas aromáticas.	<p>Cada titoría insistirá na necesidade da limpeza e orde nos espazos comúns e compartidos das aulas e corredores, respectando aqueles materiais do centro (libros, mesas, etc).</p> <p>Continuar coas “Patrullas de Lixo” creadas para a recollida de lixo nos espazos comunes e de recreo.</p> <p>Insistirlle oa Concello sobre a necesidade de mellorar a limpeza das aulas por parte da empresa de limpeza.</p>
	14. Actualizar o sistema de catalogación da biblio- teca escolar.	<p>Realización da migración ao KOHA dos libros da biblioteca escolar que quedaron pendentes do curso anterior.</p> <p>Adaptar e mellorar o espazo de biblioteca</p>

4. PROGRAMAS E PLANS XERAIS DE ACTUACIÓN DO CENTRO

OBXECTIVOS PRINCIPAIS	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADOR DE LOGRO
PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS TIC				
Empregar as TIC para a mellora do traballo cotiá e as actividades de aula. Facilitar o uso dos medios informáticos ao alumnado NEAE e nas tarefas de apoio e reforzó educativo. Utilizar o ordenador como medio de integración, de creación, de cooperación, de comunicación e de expresión das propias ideas.	Ao longo do curso escolar	Equipo directivo Dinamizador TIC DO	Alumnado e profesorado	Na memoria do curso.
PLAN DE INVENTARIO DO CENTRO				
Manter actualizado no XADE os datos de obxectos, materiais ou recursos do centro.	Ao longo do curso escolar	Equipo directivo. Resto do profesorado.	A administración educativa	Banco de datos introducido no XADE.
PLAN DE USO DAS INSTALACIÓNS ESCOLARES POLO CONCELLO				
Usar dun xeito integral as instalacións do Polideportivo do Centro.	De outubro a maio (ambos inclusive). De 17:30 en diante.	Concello de e as Asociacións que autoriza.	Clubs deportivos ferroláns.	Documento de uso por parte do Concello. Autorización pola Dirección do Colexio.
PLAN DE ADAPTACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL				
Mellorar a integración do alumnado de tres anos que, polo tanto, se integran por primeira vez ás actividades escolares.	Do 11 ao 15 de setembro.	Equipo de Educación Infantil.	Nenos e nenas de E. Infantil de tres anos.	Na Memoria de final de curso.
PLAN DE ACOLLIDA DE ALUMNADO ESTRANXEIRO				
Mellorar a integración dos nenos e nenas chegados do estranxeiro.	Ao longo do curso escolar	Equipo Directivo	Alumnado estranxeiro	Na Memoria de final decurso.


OBXECTIVOS PRINCIPAIS	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADOR DE LOGRO
PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECA (PLAMBE)				
Continuar renovando e actualizando os fondos. Realizar un expurgo de fondos obsoletos. Profundizarno funcionamento da biblioteca. Seguir avanzando na cantidade e calidade do servizo de préstamo. Servir de motor para proxectos de centro. Migración do Meiga ao Koha	Anual, con posibilidades de prórroga.	Equipo directivo. Dinamizadora da biblioteca Comisión de biblioteca. Titorías	Toda a comunidade escolar.	Segundo consta no proxecto.
PROXECTO LECTOR				
Fomentar o hábito e o gusto pola lectura. Formar lectores autónomos. Promover ouso cotiá da biblioteca.	En vigor o Proxecto 2022-2026.	Todo o profesorado.	Toda a comunidade escolar	Segundo consta no proxecto.
Concretar en accións as liñas prioritarias do PlanLector.	O presente curso escolar	Todo o profesorado	Alumnado e familias	Segundo consta no plan.
Incrementar o uso orale máis escrito da lingua galega.	O presente curso escolar	Todo o profesorado	A comunidade escolar	Segudo consta no proxecto
PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO				
Visualizar a situación sociolingüística do centro. Determinar obxectivos de etapa. Determinar estratexias didácticas. Determinar medidas de apoio.	Duración de catro cursos 2022-2026.	Todo o profesorado	Toda a comunidade Visualizar a situación sociolingüística do centro.	Duración de catro cursos 2022-2026.
PLAN DE CONVIVENCIA				
Mellorar a convivencia dos distintos membros da comunidade escolar.	Duración de catro cursos. (En fase de modificación)	Equipo directivo. Comisión de convivencia.	A comunidade escolar	Plan elaborado
PLAN DE IGUALDADE				
Promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e a diversidade afectivo-sexual	O presente curso escolar	Equipo Directivo, DO e responsable da comisión de igualdade	A comunidade escolar	Segundo consta no plan.
PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO				
Prever e actuar ante casos de emerxencia do centro.	A longo prazo (5 anos ou máis).	Equipo directivo. Titoras.	Profesorado e alumnado	Segundo consta no plan.
PLAN DE COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE: MAXISTERIO E FACULTADE DE HUMANIDADES				
Proporcionar horas de prácticas aos alumnos/as de Grao de Mestre/a en EP e EI	Segundo marca o PRACTICUM da facultade	Titoras Xefa de Estudos	Proporcionar horas de prácticas aos alumnos/as de Grao de Mestre/a en EP e	Segundo marca o PRACTICUM
PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE				
Concretar os obxectivos plasmados no proxecto. Facer máis inclusivo ó colexio. Insistir na equidade educativa.	Ao longo do Curso escolar.	Todo o profesorado.	Alumnado	Ao longo do curso escolar.
PLAN DE ACCIÓN TITORIAL				
Facilitar a integración do alumnado. Efectuar un seguimento global da aprendizaxe do alumnado. Coordinar o proceso avaliador. Implicar aos pais/nais no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.	Ao longo do curso escolar.	Departamento de Orientación. Titorías. Equipo directivo.	Alumnado. Familias.	Na memoria de final de curso das titorías.
PLAN DE FORMACIÓN DE PROFESORADO				
Fomentar a participación en programas de formación de ámbito profesional.	Ao longo do curso escolar	Os coordinadores/as do PFPP E. Directivo	Todo o profesorado	Relación de cursos realizados na Memoria Fin de Curso.

En Ferrol a 17 de Outubro de 2023

5. ANEXOS

**Programación
Xeral Anual
CEIP LEDICIA
2023-24**

Plan de Igualdade



CEIP MANUEL MASDÍAS
FERROL

PLAN DE IGUALDADE CEIP MANUEL MASDÍAS

1. Introducción.

2. Contextualización normativa e do centro.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

5.1. Organización do centro.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

6. Seguimento e avaliación.

1.Introdución.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten publicado o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia..

A sociedade demanda que os centros pasemos de educar a coeducar o que implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo. A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A coeducación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.

Aínda que no noso colexio non observamos conductas de tipo discriminatorio relevantes entre o alumnado, si é certo que existen determinados estereotipos sexistas e micromachismos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade. Co obxectivo de inverter esta tendencia a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha boa plataforma para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables,.. Aínda que sabemos que non só a escola inflúe nos nosos nenos e nenas, e somos capaces de transmitirle ao noso alumnado valores baseados na paz e na igualdade, teremos mais posibilidades e que a sociedade do futuro sexa pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real.

2.Contextualización.

Contextualización lexislativa:

Normativa estatal:

- Constitución española de 1978
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

Normativa autonómica

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

Documentación interna do centro

Neste apartado destácanse as repercusións relacionadas coa igualdade de xénero presentes en diferentes documentos do centro (PEC, NOF, etc.):

- O proxecto Educativo do centro establece como un dos sinais de identidade básicos a coeducación. Queremos unha educación non sexista que respecte e potencie os valores das persoas con independencia do seu sexo, condición sexual ou calquera outro parámetro discriminatorio. Procurando que isto estea presente transversalmente en todas as nosas actividades e linguaxes empregados.

Paralelamente, reforzarase a introdución dos diversos contidos das distintas áreas con contidos referentes ao ámbito da educación en valores, tan presentes e necesarios para a formación integral dos futuros cidadáns e cidadás responsables.

- No Plan de Convivencia do Centro establécese que a convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo proceso educativo. Pretendemos establecer a organización e o funcionamento do noso colexio en base ao respecto e a responsabilidade persoal, a participación e o traballo cooperativo, o rexeitamento de toda discriminación e a compensación das desigualdades.

- Nas Normas de Organización e Funcionamento establécese o respecto mutuo e de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa. É deber fundamental de todos os que constitúen o centro, o de crear un clima de convivencia e eficacia educativa, nun proceso aberto no que, cun máximo de liberdade, prime a responsabilidade e o compromiso de respectar e garantir os dereitos dos demais.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTifobia.

O centro no que se desenvolve este Plan de Igualdade é o CEIP Manuel Masdías sito en Caranza, no Concello de Ferrol. O CEIP Manuel Masdías declárase defensor da escola pública, galega, independente de intereses privados, políticos e confesións relixiosas. Defende a liberdade de docencia do profesorado, e o seu enfoque persoal pero sempre respectado os Plans vixentes do centro e a PXA do curso en vigor

Defendemos unha xestión participativa de toda a comunidade educativa, baseada no pluralismo e nos valores democráticos. Fomentamos que as relacións entre os membros que participan na vida escolar estea presidida polo diálogo e a tolerancia, respectando aos demais en todo momento e rexeitando calquera comportamento discriminatorio.

Nas seguinte liñas imos informar, dende un enfoque cuantitativo e cualitativo, da situación de partida en canto á igualdade de xénero no centro.

- Profesorado do centro: 16 mestras e 2 mestres.
- Equipo directivo: 1 mestre e 2 mestra.
- Coidadores/as: 2 mulleres
- Limpeza: 3 mulleres
- Conserxería: 1 home
- Alumnado: 53 nenas e 90 nenos.
- Representantes no consello escolar: 5 homes e 6 mulleres.
- É importante facer referencia, nesta análise de partida, ao número de condutas contrarias á convivencia rexistradas nos últimos anos. Pódese confirmar que a conflitividade no colexio non é especialmente significativa e que a maior parte dos conflitos prodúcense entre alumnado con problemas conductuais e profesorado ou monitorado. Aínda así, son diversas as situacións nas que se producen pequenos desencontros entre o alumnado debido aos estereotipos presentes na sociedade e que inflúen na comunidade educativa.
- Con respecto ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo, podemos constatar que non sofren ningún tipo de discriminación.
- Na hora de lecer o patio está repartido en distintas zonas de xogo non que existen quendas por curso sen ningún tipo de discriminación por xénero nos xogos.

- As actividades extraescolares do centro están organizadas, a través do Concello de Ferrol. Estas actividades son: Hip – Hop, patinaxe, baloncesto e contacontos. Estas actividades teñen unha porcentaxe de participación moi parella entre nenos e nenas.

4.Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

4.1.Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na nosa práctica docente.
- Educar ao alumnado en igualdade, afastándonos de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de sexo.
- Fomentar a reflexión sobre o papel da muller e o home nunha contorna igualitaria.
- Garantir a igualdade de oportunidades no ámbito escolar.
- Potenciar unha linguaxe inclusiva en todos os ámbitos do centro (nas relacións coas familias, nas aulas co alumnado, entre o profesorado, etc.)
- Velar por que o noso centro educativo transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes
- .- Fomentar e sensibilizar sobre a importancia da corresponsabilidade.
- Visualizar a influencia dos roles de xénero, nas condicións de vida, nas oportunidades e nas posibilidades de desenvolvemento persoal.
- Substituír estereotipos por imaxes reais nas que os homes e mulleres sexan valorados en igualdade.

4.2.Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Fomentar charlas e obradoiros nas aulas que contribúan a prevención e detección de casos de violencia de xénero.
- Actuar nas situacións de acoso e violencia de xénero.
- Celebrar a conmemoración do día Internacional contra a violencia de Xénero.
- Fomentar o uso de materiais didácticos que non presenten linguaxe, contido e/ou imaxes sexistas propoñendo alternativas cando se detecten elementos deste tipo.

4.3.Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Organizar charlas ou obradoiros de formación para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual en toda a comunidade educativa.

- Establecer ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia dentro da comunidade educativa co fin de ofrecer contextos onde visibilizar as boas prácticas neste sentido.

- Favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual.

4.4.Prevenición, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.-

Realizar actividades específicas nas datas de celebración relacionadas co recoñecemento efectivo dos dereitos destas persoas.

- Fomentar charlas e obradoiros nas aulas que contribúan a prevención e detección de casos de LGBTIfobia.

- Tomar as medidas necesarias, segundo a legalidade vixente, en casos de LGBTIfobia.

5.Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos.

5.1.Organización do centro:

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.

- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no claustro para participar no impulso do Plan de igualdade.

- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade, sendo prioritaria a atención ás familias.

- Promover a formación de toda a comunidade educativa en materia de igualdade.- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.

- Colaborar con entidades externas ao centro na realización de actividades coeducativas.

- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario Escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).

- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.

- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber.
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Difundir información a través dun taboleiro no centro.
- Promover lecturas coeducativas na hora de ler, así como a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Continuar co Proxecto “Patios Dinámicos”.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.

5.3. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas

6.Seguimento e avaliación.

Para obter os mellores resultados co desenvolvemento do Plan de Igualdade, realizarase unha avaliación continua que nos permita saber se os obxectivos propostos son axeitados e se as actividades realizadas son as correctas para acadar ditos obxectivos e así poder realizar as modificacións oportunas. Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que forman a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas. Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se analicen os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia. Para todo isto utilizaranse, entre outros, os seguintes métodos de avaliación:

•Indicadores de medida.

- A participación e implicación do alumnado e profesorado implicados foi boa.
- Se a dinámica dos grupos foi verdadeiramente fluída e cooperativa.
- Se o grao de autonomía dos grupos e do material elaborado foi de calidade e libre de sesgos sexistas.
- Se se empregou unha linguaxe integradora con ambos sexos e libre de prexuízos.
- Se o ambiente favoreceu a expresión sa e libre.

•Instrumentos de avaliación.

- Enquisas.
- Observación directa.
- Táboas e escalas.
- Informes individuais e colectivos.

Proxecto Lingüístico Centro



CEIP MANUEL MASDÍAS
FERROL

MARCO LEGAL VIXENTE:

Tomamos como referencia para a elaboración do PLC a Constitución española de 1978, o Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios e o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza.

Recollemos os seguintes aspectos, como punto de partida para a elaboración do noso Proxecto Lingüístico:

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia.

O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncian a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001, e o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que establece como un dos seus fins a capacitación para a comunicación nas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

*No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza exponse, que é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e **respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.***

ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA:

O C.E.I.P. “Manuel Masdías” localízase no barrio de Caranza situado a uns 2 km, aproximadamente, do centro urbano.,).

A poboación que se veu asentando no barrio foi moi heteroxénea: traballadores e traballadoras, fundamentalmente do sector naval, procedentes en primeira ou segunda liña do medio rural ou do derrubado barrio ferrolán de Esteiro, poboacións de etnias minorizadas, e mesmo profesionais das clases medias ou medias altas (enxeñeiros, médicos, militares,...) que se asentaron en edificios de cooperativas.

Sen embargo, esa heteroxeneidade da poboación, por estatus e por procedencia, impediu que o barrio tivese un asentamento cultural (entendido este no máis amplo e fundamental sentido da palabra), dándose a circunstancia de que ás novas xeracións nadas no barrio non se lles transmitiron as raíces culturais (de xeito salientable, a lingua) que os máis maiores posúen, e presentan unha certa alienación cultural e unha escasa presenza de valores en moitos casos que, unida á recorrente crise económica e ás conseguíntes situacións de falta de traballo, dificultan enormemente a intervención escolar e crean con certa frecuencia situacións de conflito social.

A situación sociolingüística do barrio é tamén heteroxénea e caracterízase fundamentalmente por:

- Hai unha perda xeracional do galego moi acusada. Mentres o galego está moi presente nas xeracións maiores (avós e avoas), aínda que o seu uso é baixo, nas xeracións correspondentes aos pais e nais do alumnado existe, na maior parte dos casos, unha competencia suficiente, pero uns usos moi conxunturais.
- Para as xeracións novas, cun uso moi maioritario e case exclusivo do castelán, a escola constitúe o único lugar de adquisición de competencia e uso do galego.
- Na vida do barrio non hai apenas lugares nin momentos nos que exista un clima propicio para o uso do galego. Mesmamente o asociacionismo que, noutrora e se cadra por circunstancias do momento, realizaban actividades en lingua galega, tamén o uso maioritario é o do castelá.

CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE NO CONTORNO

A / Observación directa:


- Reunións coas nais e pais do noso alumnado.
- Utilización informal da lingua oral entre o alumnado na aula e no patio.
- Emprego da lingua escrita dirixida de pais a profesores.

B/ Observación indirecta:

- Enquisas ao alumnado e ás familias que permitan coñecer que idioma utilizan a cotío en diferentes contextos.
- Enquisas que dean a coñecer en que idioma queren escolarizar aos seus fillos/as, independentemente da lingua utilizada.
- Enquisas publicadas pola Real Academia Galega.

Aplicada a consulta ás familias na Educación Infantil, podemos constatar que maioritariamente as familias queren escolarizar aos seus fillos/as en galego.

Consultadas as familias no curso 2019-2020 determínase que a lingua escollida polas familias é, con ampla maioría, o galego, obténdose os seguintes datos:



A LINGUA NA CONTORNA

Se observamos os datos que nos proporcionan os estudos sociolingüísticos sobre Ferrol, nomeadamente o MSG,




Figura 2.11. *Lingua inicial nas sete cidades galegas no MSG-04*

Observamos que, aínda tendo en conta que a situación do galego en diferentes zonas xeográficas do concello varía moito, podemos ver como Ferrol resulta a cidade máis castelanizada en canto aos usos iniciais, pois preto do 70% da poboación aprendeu a falar só en castelán. Sumando as opcións 'só castelán' e 'máis castelán' obsérvase que a proporción de persoas que adquiriron de maneira única ou preferente o castelán ascende ao 84,5%.

Existe xa unha alta porcentaxe de poboación monolingüe en castelán.

As porcentaxes de lingua inicial en galego tradúcense en moita menor presenza do noso idioma como lingua habitual; é dicir, amósase unha clara anormalización.




Figura 2.15. *Lingua habitual nas sete cidades principais*

A evolución do galego como lingua habitual aínda amosa uns datos máis preocupantes, sendo Ferrol a cidade máis castelanizada cun 57,5% da poboación que so usa o castelá como lingua habitual e que se lle sumamos os que usan máis castelán que galego, chegamos ao 85% da poboación.

A LINGUA NAS FAMILIAS

Porén, e malia non ser todo o rigorosa que debera para amosar datos fiables, xuntamos aquí os resultados de tres enquisas realizadas polo alumnado do centro como prácticas de clase, nos anos 1985, 1990 e 1996. Os cuestionarios foron basicamente iguais e a mostraxe foi realizada sobre 100 persoas do ámbito familiar ou veciñal dos/as alumnos/as. Consideramos que os datos son valiosos dende o punto de vista da proximidade do alumnado e das familias que escolarizan aquí os seus fillos e fillas.

Podemos observar:

A caída do galego como lingua inicial (do 35,5% no 1985 ao 19% en 1996) e un lixeiro aumento das dúas (23,5% a 28%).

Proxecto Lingüístico

As porcentaxes de poboación que teñen unicamente o castelán como lingua habitual aumentaron do 60% ao 70% neses dez anos.

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA								
GALEGO	MSG 92 - FERROL				MSG 04 - FERROL			
	Nada	Pouco	Bastante	Moito	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Entende	0,5%	5,9%	45,8%	47,8%	4,4%	15,9%	28,1%	51,6%
Fala	6,5%	24,8%	39,4%	29,3%	8,6%	26,2%	35,0%	30,2%
Le	12,7%	38,8%	28,4%	20,1%	8,6%	26,2%	35,0%	30,2%
Escribe	40,3%	34,2%	15,2%	10,3%	13,1%	25,5%	32,2%	29,2%
GALEGO	MSG 92 - GALICIA				MSG 04 - GALICIA			
	Nada	Pouco	Bastante	Moito	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Entende	0,1%	3,0%	48,6%	48,3%	1,7%	5,3%	16,8%	76,2%
Fala	32,6%	39,9%	18,1%	9,4%	5,4%	12,1%	23,0%	59,5%
Le	2,3%	12,1%	45,5%	40,1%	5,0%	12,9%	22,8%	59,3%
Escribe	11,6%	41,8%	31,4%	15,2%	9,2%	16,4%	25,1%	29,2%
					MSG 04 - FERROL - CASTELÁN			
MSG 92 Mapa Sociolingüístico de Galicia 1992	Entende	0,5%	2,3%	18,4%	78,8%			
	Fala	0,5%	2,7%	19,7%	77,1%			
MSG 04 Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004	Le	1,0%	3,7%	18,9%	76,4%			
	Escribe	1,4%	3,6%	20,4%	74,6%			
					MSG 04 - GALICIA - CASTELÁN			
	Entende	0,2%	1,2%	7,7%	90,9%			
	Fala	0,6%	2,9%	12,1%	84,4%			
	Le	0,7%	2,4%	10,4%	86,5%			
	Escribe	1,0%	3,0%	12,3%	83,8%			

Apréciase como hai unha diferenza importante entre o uso do galego coa parella e cada vez menor cos fillos e fillas.

Paradoxicamente, a percepción do uso do galego no barrio sobe case 20 puntos, aínda que un 51% opina que non se fala suficiente.

A opinión sobre a posible desaparición do galego vai do 39,5% (1985), ao 25% (1990) e ao 35% (1996).

Mentres decae a opinión de que habería que falar máis galego (81%, 77% e 67%) aumenta a de que está ben (10%, 16% e 31%). Cómpre destacar que as opinións contrarias ao seu uso son, en todos os casos, moi minoritarias e baixan (9%, 7% e 2%).

Neste contexto, o centro xa hai anos que asumiu a necesaria discriminación positiva cara ao galego, co fin de conseguir a competencia necesaria, así como a realidade de constituír case o único escenario onde se poden desenvolver actividades en galego no barrio.

A LINGUA E O PROFESORADO

A situación do uso da lingua no tocante ao profesorado pódese considerar positiva dado que hai unha aceptación da necesidade de normalización, se ben en moitos casos a lingua de instalación propia é o castelán.

O feito de que nos últimos cursos se producise unha renovación importante do profesorado trouxo como consecuencia que moitos dos parámetros e dos obxectivos que o centro ten formulados aínda non estean suficientemente asumidos no fondo, aínda que cumprimento do proxecto lingüístico, con algunhas eivas evidentes, é elevado.

A LINGUA E O ALUMNADO

Se temos en consideración que un obxectivo básico é o da consecución da competencia lingüística suficiente á fin da educación obrigatoria, podemos constatar que esa competencia en galego está lonxe aínda de se acadar suficientemente.

Os datos dos MSG para Ferrol amosan que entre o 1992 e o 2004 aumenta considerablemente, pero está lonxe de acadar o nivel de Galicia e aínda máis do que sería desexable.

Igualmente se constata que as porcentaxes de competencia referidas a “nada” ou “pouco” son en Ferrol notoriamente máis elevadas ca no resto de Galicia e apuntan realmente unha carencia importante de competencia en galego. Porén, no castelán son moi superiores ás do galego e homologables ás de Galicia.

O feito de que o colexio teña un plan que se vén desenvolvendo dende hai moitos anos, favorece que o alumnado estea perfectamente adaptado á vida en galego no centro. Dende pequeniños teñen unha contacto directo co idioma e o o galego téñeno asumido como o idioma do centro.

Porén, e alén das comunicacións co profesorado nalgúns casos, son poucos os/as que o empregan na escola e case ningún fóra dela.

Podemos dicir, en xeral, que o noso alumnado acada un nivel de competencia lingüística aceptable tanto en galego coma en castelá.

Proxecto Lingüístico

Este son os datos dos dous últimos anos, en canto a porcentaxe de alumnos/as que superan a lingua galega a castelá e a inglesa.

CURSO 2018-2019									
ALUMNADO QUE SUPERA AS LINGUAS									
	1ª			2ª			3ª		
	LG	LC	LI	LG	LC	LI	LG	LC	LI
1º Primaria	81,3	81,3	100,0	86,7	86,7	100,0	86,6	93,3	100,0
2º Primaria	87,5	81,3	81,3	87,5	75,0	75,0	87,5	75,0	81,3
3º Primaria	94,1	94,1	58,8	70,6	76,5	41,2	75,0	93,8	50,0
4º Primaria	95,0	95,0	80,0	95,0	95,0	85,0	95,0	95,0	80,0
5º Primaria	87,0	91,3	60,9	87,0	91,3	60,9	90,9	95,5	65,2
6º Primaria	95,8	95,8	54,2	87,5	91,7	62,5	83,3	91,7	62,5
TOTAIS	90,1	89,8	72,5	85,7	86,0	70,8	86,4	90,7	73,2

A situación do idioma galego no entorno segue a ser claramente diglósica polo que o noso alumnado, agás no entorno escolar, ten pouco contacto coa lingua galega, a maioría das familias educan aos nenos e nenas maioritariamente en castelán independentemente de que os ascendentes sexan galego-falantes. Pero tamén é certo que temos familias galego falantes e outras que escollen o noso centro por ofrecer un Proxecto Lingüístico en prol da nosa lingua.

A baixa tendencia observada no alumnado de usar o galego na súa expresión oral e escrita de xeito espontáneo, fainos reflexionar na necesidade de seguir potenciando o uso da lingua galega na maioría das actividades do noso centro para reforzar as horas propias de docencia nesta lingua e poder acadar a competencia comunicativa desexada, equiparada á da lingua castelá ao final das respectivas etapas, como especifica o Decreto.

Proxecto Lingüístico

OBXECTIVOS

Os obxectivos por tanto que guiarán o noso Proxecto Lingüístico serán:

- a) Acadar a competencia lingüística propia do seu nivel nas dúas linguas oficiais.
- b) Valorizar a cultura da súa contorna e aprender a usar o galego como lingua de comunicación normal.
- c) Facer partícipe á comunidade educativa na normalización do uso da lingua galega para acadar un bilingüismo harmónico pleno.
- d) Establecer unha serie de actividades co obxectivo de contribuír a darlle a vitalidade e prestixio social á lingua máis desfavorecida no noso entorno .

Consonte coa análise e a información anterior, formulamos uns obxectivos xerais que serán tidos en conta á hora de programar as actividades:

Referidos á contorna (barrio, concello, comarca).

- Aproveitamento das actividades desenvolvidas en lingua galega por entidades alleas ao centro.
- Procurar a comunicación, no centro ou fóra del, con persoas ou entidades que constitúan modelos no uso da lingua ou na cultura galega.
- Proxectar as nosas actividades á contorna, co obxecto de incentivar un clima favorable ao uso da lingua e ás manifestacións culturais.

Referidos ao profesorado.

- Conseguir unha implicación real e efectiva do profesorado no proxecto lingüístico do centro e nas actividades a prol da lingua.
- Mellorar a formación do profesorado no tocante ás competencias lingüísticas e sociolingüísticas.

Referidos ao alumnado.

Incentivar o uso da lingua co profesorado e nas relacións interpersoais

Promover actividades e recursos co fin de favorecer o clima necesario para o uso da lingua.

Proxecto Lingüístico

Mellorar a competencia lingüística do alumnado.

Referidos ao centro.

- Fomentar actividades que impliquen a toda a comunidade escolar, de xeito especial ás familias, co fin de normalizar a lingua.
- Afondar no respecto e na valoración da lingua galega por toda a comunidade.
- Fomentar hábitos de uso da lingua galega en todas as actividades do centro: escolares, extraescolares, culturais, administrativa.
- Fomentar o uso oral e escrito das diferentes linguas que se imparten no centro, facendo fincapé no galego.
- Dispor de material bibliográfico, fonográfico, multimedia...nas diferentes linguas: castelán , galego e inglés facendo fincapé na lingua galega.
- Poñer a disposición do profesorado o material inventariado.
- Proporcionar aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades, actos e institucións culturais relacionadas co seu contorno lingüístico e animaráselles a participar nelas.
- Realizar en galego, por parte do profesorado, tanto as clases como as outras relacións do centro, para que o alumnado non perciba unha ritualización do uso do galego.
- Desenvolver en lingua galega as actividades extraescolares e/ou complementarias que se realicen no centro co alumnado.
- Realizar as comunicacións, e en xeral, todas as actuacións burocráticas de carácter oficial, tanto internas coma externas, en lingua galega.
- Participar en actividades complementarias que xurdan durante o curso a prol das dúas linguas oficiais, así como na lingua estranxeira, inglés.
- Reforzar a lecto-escritura nas diversas linguas superando as eivas de materiais editados en galego (revistas, libros, cómics).
- Realizar actividades de animación á lectura
- Dedicar 25 minutos despois do recreo para ter un "Tempo de ler", no que o alumnado elixirá libremente da biblioteca de aula (ou se prefire pode tralo de casa) que libro, revista, cómic ...lle apetece ler nese tempo.

Proxecto Lingüístico

- Mochila viaxeira: cada semana, irase facendo quendas entre o alumnado unha mochila que leva libros , película e/ou revistas educativas para ler e comentar en familia. Procurarase fomentar a presenza de libros en galego por observar unha escasa presenza de libros e lecturas en lingua galega nas casas.
- Empregar o Inglés en actividades lúdicas de representacións de diferentes cancións, celebración do Samaín... ante alumnado e familias.
- Elaborar de materiais propios, facendo fincapé no uso da lingua falada e escrita.
- Continuar co labor desenvolvido a través das bibliotecas de aula.
- Coñecer a cultura tradicional a través do conto, das lendas, adiviñas, cantigas, refráns, dramatizacións,... atendendo ao calendario anual (Samaín, Nadal...)
- Expoñer as técnicas aprendidas e vivenciadas a toda a comunidade escolar.
- Elaborar de murais, decorados, folletos...
- Realizar de saídas culturais.
- Participar en proxectos innovadores (arte contemporánea, radio, charlas, certames teatrais...)
- Inventar de cantigas, poemas, dramatizacións, lemas....

O aproveitamento didáctico e de recuperación das tradicións, así coma a actualización do seu sentido forma parte dos nosos currículos dende hai moitos anos.

Todo este traballo ten continuidade e procuramos recollelo en diferentes soportes (publicacións, páxinas web, murais, diaporamas...), o que permite tamén o traballo coas TICs por parte do alumnado.

MEDIDAS ADOPTADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO .

EDUCACIÓN INFANTIL

(Artigo 5 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia)

Proxecto Lingüístico

- 1. A lingua escollida para escolarizar aos seus fillos/asa será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a no período de matriculación.*
- 2. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua escollida polas familias, na enquisa pasada no período de matriculación. No caso de non ser esta a galega, introducíranse os mecanismos necesarios para que, no terceiro trimestre do curso, se poidan desenvolver as clases en lingua galega.*
- 3. Deberase ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.*

Establécense estratexias para a consecución da competencia en lingua castelá en diversas actividades coma :

INFORMÁTICA

HORA DE LER , Recitado de poesías, trabalinguas, cancións...

EDUCACIÓN Musical

A lingua estranxeira inglés, ofrécese ao alumnado de E. I. en sesións dunha hora semanal, desde os 3 anos, ..

ENSINO PRIMARIO

- 1. Garantírase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.*
- 2. As materias de lingua impartíranse no idioma de referencia.*
- 3. O resto das áreas impartíranse segundo o seguinte cadro.*

Proxecto Lingüístico

Distribución horaria das materias:

1º CURSO:

En Lingua galega	En Lingua castelá	En Inglés
2 horas de E. A	5 horas matemáticas	2 horas L. Estranxeira
.4 horas LG	4 horas LC	
2 horas Ciencias Naturais	2 horas de EF	
3 horas Ciencias Sociais		
1 hora REL ou AE		
12 horas	11 horas	2 horas

2º CURSO:

En Lingua galega	En Lingua castelá	En Inglés
2 horas de E. A	5 horas matemáticas	2 horas L. Estranxeira
.4 horas LG	4 horas LC	
2 horas Ciencias Naturais	2 horas de EF	
2 horas Ciencias Sociais		
2 hora REL ou AE		
12 horas	11 horas	2 horas

Proxecto Lingüístico

3º CURSO

En Lingua galega	En Lingua castelá	Inglés
2 horas de E. A	4 horas matemáticas	3 horas L. Estranxeira
.4 horas LG	4 horas LC	
2 horas Ciencias Naturais	2 horas de EF	
3 horas Ciencias Sociais		
1 hora REL ou AE		
12 horas	10 horas	3 horas

4º CURSO

En Lingua galega	En Lingua castelá	Inglés
2 horas de E. A	4 horas matemáticas	3 horas L. Estranxeira
.4 horas LG	4 horas LC	
2 horas Ciencias Naturais	2 horas de EF	
2 horas Ciencias Sociais		
1 hora PXM		
1 hora REL ou AE		
12 horas	10 horas	3 horas

Proxecto Lingüístico

5º CURSO

En Lingua galega	En Lingua castelá	Inglés
2 horas de E. A	5 horas matemáticas	3 horas L. Estranxeira
4 horas LG	4 horas LC	
2 horas Ciencias Naturais	2 horas de EF	
2 horas Ciencias Sociais		
1 hora REL ou AE		
11 horas	11 horas	3 horas

6º CURSO

En Lingua galega	En Lingua castelá	Inglés
2 horas de E. A	5 horas matemáticas	3 horas L. Estranxeira
3 horas LG	3 horas LC	
2 horas Ciencias Naturais	2 horas de EF	
3 horas Ciencias Sociais		
1 hora REL ou AE		
1 hora de I.F.		
12 horas	10 horas	3 horas

1º e 2º PRIMARIA:

Nestes cursos conflúe alumnado escolarizado desde E.Infantil no idioma galego. Para a introdución e desenvolvemento das técnicas instrumentais de lecto-escritura adaptárase a metodoloxía á lingua galega.

Coidarase a atención individualizada naquel alumnado que teña especial dificultade coa lingua galega.

Tomaranse as medidas necesarias para acadar unha competencia lingüística nas dúas linguas. Na hora de ler realízanse actividades principalmente en galego, para adquirir un nivel semellante de competencia no uso de ambas linguas.

En lingua estranxeira impártese o inglés , fixando como obxectivo iniciar unha competencia básica no uso do idioma .

3º, 4º, 5º e 6º PRIMARIA

Nestes cursos de Primaria é cando se trata de desenvolver as técnicas instrumentais adquiridas nas etapas anteriores , procuraremos insistir en lograr un nivel de igual competencia nas dúas linguas oficiais, tanto na expresión escrita como na expresión oral , atendendo especialmente á lingua galega, xa que o noso alumnado atópase nun entorno castelán – falante.

En canto á Lingua estranxeira, segúrese a metodoloxía que capacite ao alumnado na competencia para desenvolverse con soltura , utilizando un vocabulario axeitado que o capacite para unha comunicación elemental.

Tanto nas producións escritas coma orais procúrase a participación activa en representacións, cancións, recitados, dramatizacións, interaccións dirixidas...

MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR

MEDIDAS ADOPTADAS PARA ALUMNADO INMIGRANTE:

No caso de ter alumnado inmigrante procedente doutras comunidades españolas e tamén doutros países . En ambos casos coñecen en maior e menor grao o castelán e, na maioría dos casos, non presentan problemas de adaptación á lingua galega.

- Ao entrar no centro o alumnado procedente do estranxeiro ou doutras comunidades

Proxecto Lingüístico

son avaliados, de ser necesario, pola Orientadora do Centro e intégrase nas aulas correspondentes,.

- A Orientación determina a necesidade ou non de recibir unha atención específica, ou no seu caso unha adaptación da programación para o logro paulatino das competencias lingüísticas nas linguas oficiais.
- Apoio individualizado na aula do titor ou titora, utilizando no inicio da súa escolarización preferentemente unha das linguas cooficiais onde se sinta con máis soltura o alumno/a e progresivamente introducílo no uso das demais linguas do currículo .
- Fomentar a súa integración e interacción co grupo-clase.
- No caso de descoñecemento total das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, adoptaranse as medidas necesarias para a súa adquisición, proporcionándolle, de ser necesario, apoio fóra da clase ordinaria.

ACTIVIDADES DINAMIZADORAS DA LINGUA GALEGA:

O ENDL vén traballando en múltiples actividades ao longo do curso escolar, normalmente en colaboración con todo o profesorado centro ou promovendo esas colaboracións mediante a proposta de actividades e proxectos.

Coma cada curso escolar, O ENDL elabora esa proposta de actividades, que se inclúe e se aproba na Programación Xeral Anual (PXA). Estas actividades son do tipo:

- a) Elaboración, seguimento e avaliación do Proxecto Lingüístico do centro, coa proposta de modificacións, no seu caso, para a consecución dos obxectivos marcados.
- b) Asesoramento e procura de medios para a preparación e elaboración de materiais didácticos en lingua galega, especialmente onde existan déficits importantes.
- c) Accións dirixidas ao aumento da concienciación e á extensión do uso da lingua por parte d@s alumn@s e da comunidade escolar en xeral.
- d) Incentivación da participación nas actividades programadas por axentes internos ou externos que se vexan de interese para a consecución dos obxectivos marcados.
- e) Realización de xuntanzas de todos os membros cunha periodicidade bimensual, ademais dunha extraordinaria ao comezo e outra ao final do curso, así como tantas veces se considere necesario.
- f) Colaboración e asesoramento na dinamización das bibliotecas xeral e de aulas en

Proxecto Lingüístico

lingua galega, así coma nos materiais que se incorporen á nova mediateca.

- g) Colaboración na elaboración, homoxeneización e posta ao día de léxicos específicos das distintas áreas, segundo os campos utilizados en cada unha das unidades didácticas.
- h) Promoción e/ou organización de charlas, conferencias, obradoiros, presenza de modelos de uso da lingua nos diferentes ámbitos sociais, para todos os sectores da comunidade.
- i) Promoción de actividades internas que favorezan a normalización: certames, campañas (lectura, rotulacións), exposicións...
- l) Visitas culturais a lugares nos que a presenza da lingua estea moi vixente nos diferentes ámbitos.
- m) Elaboración de revistas e publicacións varias:
 - Elaboración do número correspondente da revista escolar A Buxaina.
 - Samaín: información que se reparte entre o profesorado para traballar os mitos e modelos de contos que se lles proporcionan aos nenos e ás nenas para que os analicen e logo sexan capaces de reinterpretar e crear. Galería de personaxes.
 - Nadal: onde se amosan modelos de cantigas de Nadal que se representan nun festival se leva a cabo todos os anos por esas datas (de reis, aguinaldos...). Realización dun Cancioneiro popular de Nadal.
 - Entroido: revista que, co tema de cada ano, recolle coplas e testamentos que se fan en cada clase, así coma a cantiga que sae elixida para interpretar na comparsa que percorre o barrio e o xuízo ao Meco, que se representa a véspera da súa queima.
- n) Continuación do premio do Galeg@ do mes e do Galeg@ do ano para distinguir os/as alumnos/as que se esforcen no uso do idioma.
- ñ) Colaboración na elaboración, revisión e desenvolvemento do Plan lector do centro.
- o) Outras actividades que poidan xurdir ao longo do curso e que se vexan de interese.

Proxecto Lingüístico

Este proxecto foi elaborado e revisado polo equipo de dinamización lingüística do centro.

Revisado e actualizado no curso 18-19

PROXECTO LECTOR



CEIP
MANUEL
MASDÍAS
FERROL

CURSO 20-21

LEXISLACIÓN

LOE. Artigos 19.2/24 e 7/25.5:

- Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores traballarase en tódalas áreas.

Educación Primaria:

- Artigo 19.3. A fin de fomentar o hábito da lectura dedicarase un tempo diario a mesma.
- Currículo da Educación Primaria en Galicia:
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño.
- Anexo IV: Proxecto Lector do Centro.
- Artigo 6º:
 - o Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector que se axustará ás liñas básicas que se publican como Anexo IV ao presente Decreto, asegurándose como mínimo media hora diaria.

CONTEXTUALIZACIÓN

O Colexio 'Manuel Masdías' é un centro público que imparte o ensino correspondente ó segundo ciclo de Educación Infantil e á etapa de Educación Primaria.

Atopámonos no barrio de Caranza, en Ferrol, ó abeiro dunhas instalacións cun edificio destinado a aularios de grupos, aulas específicas, biblioteca, aula TIC, salón de usos múltiples...O noso alumnado provén dun barrio obreiro periférico no que tamén habitan moitas persoas de etnia xitana cunha boa integración no entorno.

Nas nosas aulas conviven alumnado de etnia xitana (aproximadamente un terzo da poboación escolar total), nenos/as de familias traballadoras e outros dun ambiente social máis desfavorecido.

A situación de lectura no centro pode abordarse dende diferentes aspectos.

1. Na última avaliación diagnóstica realizada pola Xunta estábamos un pouco por riba da media con respecto o mesmo tipo de centro e na media con respecto a toda Galicia.
2. O profesorado verbaliza que hai nenos/as que teñen deficiencias de comprensión lectora e de recursos de vocabulario en tódalas aulas, tendo como consecuencia unha mala redacción, ortografía, dificultades de estudo noutras áreas...e que maioritariamente coinciden cos que as súas familias non apoian o proceso de ensino-aprendizaxe.
3. A orientadora realiza probas cada curso, ó principio e ó final, onde entre outros aspectos intenta detectar posibles dificultades no proceso lector do alumnado. Estes resultados quedan recollidos en gráficos de cada aula.

4. Levamos varios cursos intentando implantar novas rutinas que aínda que non estean recollidas nun Plan lector específico van encamiñadas a favorecer este proceso. A Hora de Ler, Mochilas viaxeiras, Xornadas de lecturas colectivas... e outras iniciativas que fomentan o interese e pracer pola lectura.
5. A biblioteca escolar e os seus fondos e recursos teñen cada vez máis aceptación e uso por parte do alumnado. Hai un horario semanal de utilización para cada titoría e permanece aberta na totalidade do horario lectivo. Hai moitas diferenzas de utilización entre unhas aulas e outras, situación que pode estar compensada cunha maior utilización das bibliotecas de aula.

RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS

A continuación, relátanse os que posúen a biblioteca.

- O espazo da biblioteca.
- O espazo da aula TIC, ordenadores , proxector.
- Os recantos de cada aula dedicados a biblioteca.
- Libros:
 - o Ficción:
 - o Consulta:
- DVDs e vídeos:
 - o Películas:
 - o Informativos:
- Ordenadores (todos con conexión á rede por cable; posibilidade de usar outros ordenadores por conexión wi-fi):
 - o 1 bibliotecario/a, 5 consulta de alumnos/as, 1 portátil.
- Impresoras:
 - o 2 (bibliotecario/a máis consulta alumnos/as).
- Televisión
- DVD:
- Canón e pantallas na biblioteca, na aulaTIC, en Usos Múltiples
- Lector de barras: 1 conectado ao ordenador da bibliotecaria.
- Expositores e armarios:

HUMANOS

- 1 profesor/a responsable
- Un equipo de apoio: tres profesores/as

ECONÓMICOS

- Enviados a través do PLAMBE para adquisición de fondos e melloras nos equipos da biblioteca.
- Os destinados polo propio centro escolar dentro do presuposto ordinario.

OBXECTIVOS

Obxectivos xerais do PL :

- Desenvolver a competencia lectora.
 - Favorecer a competencia literaria.
 - Educar no uso crítico da información.
 - Fomentar o hábito da lectura.
 - Apoiar a adquisición das competencias básicas.
-
- Fomentar o hábito e o gusto pola lectura e axudar a mellorar a práctica da lectoescritura.
 - Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo.
 - Favorecer a competencia literaria.
 - Formar lectores autónomos, capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
 - Fomentar, a través da lectura, a adquisición dunha actitude reflexiva e crítica ante o seu contorno.
 - Favorecer a compensación social en nenos e nenas de ambientes desfavorecidos.
 - Promover o uso cotiá da biblioteca, co fin de adquirir as ferramentas necesarias para manexarse con eficacia e comprender a súa importancia para a súa aprendizaxe.
 - Incorporar as tecnoloxías da información e a comunicación, de xeito que os alumnos aprendan a utilizalas e a analizar a información dunha maneira crítica.
 - Favorecer o bo funcionamento da media hora diaria de lectura.

- Incrementar os recursos materiais e humanos dedicados á biblioteca.
- Implantar actividades que favorezan a capacidade lectora do alumnado.

ACTIVIDADES

HORA DE LER Todo o centro ten no seu horario incorporados 25 minutos de tempo dedicados so á lectura co fin de crear o hábito lector . O fin último deste tempo e acadar alumnos/as que de xeito individual e silencioso disfruten de lecturas seleccionadas segundo os seus propios intereses. Ata que chegue ese momento o profesorado deberá organizar este tempo dun xeito motivador, acorde a cada nivel educativo e que reverta sempre neste fin último. Nunca será considerado coma unha prolongación das clases de lingua.

GRÁFICAS DE LECTURA Pequeno mural onde se recollen, do xeito que cada aula decida, as lecturas feitas ao longo do curso por cada alumno/a. Daráselle sempre un enfoque motivador nunca competitivo.

MOCHILAS VIAXEIRAS Dende a biblioteca prepáranse unhas mochilas que fan un pouco de presentación do tipo de fondos que se poden atopar nela e que intentar achegar ás familias ao entorno lector, van acompañadas dun caderno no que poden deixar as súas impresións ou suxestións.

LECTURAS COLECTIVAS Aproveitando a celebración de datas significativas no ámbito escolar leranse publicamente textos adaptados a cada momento.

APADRIÑAMENTOS LECTORES Experiencia na que se involucran tódolos alumnos/as do centro, os máis maiores farán de ponte entre os textos e os nenos/as máis pequenos.

EXPOSICIÓNS DOS FONDOS Intentar fomentar a curiosidade e o achegamento da comunidade educativa á biblioteca expoñendo nos corredores adxacentes libros e outros materias dos que se dispoña que fagan referencia ás temáticas que se traballen en cada momento.



[C.E.I.P. Manuel Masdías]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice

1. Introducción	4
1. Datos básicos do centro.....	4
2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	4
1.2.1. Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro	4
1.2.2. Contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo e relación con outros Plans e Proxectos.....	5
3. Breve xustificación do mesmo	6
4. Proceso de elaboración.....	6
2. Situación de partida.....	7
1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	7
2. Fontes empregadas para a análise DAFO	9
3. Análise DAFO.....	10
3. Plan de Acción	11
1. Obxectivos, indicadores e accións	11
2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....	17
4. Avaliación do plan.....	17
5. Difusión do plan.....	17

1. Introducción

1. Datos básicos do centro

Nome do centro	C.E.I.P. Manuel Masdías
Código do centro	15021834
Dirección do centro	Rúa Cuco Ruiz de Cortázar, s/n, 15406, Ferrol, A Coruña
Números de teléfono	Conserxería 881938378 Secretaría 881938375 Xefatura 881938376 Dirección 881938377
Fax	881938379
Correo electrónico	ceip.manuel.masdias@edu.xunta.gal
Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelmasdias/
Facebook	https://es-es.facebook.com/ceipmanuelmasdias/
Etapas educativas	2 (2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria)
Número de alumnado	121 (38 en Educación Infantil e 83 en Educación Primaria)
Número de profesorado	20

2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

1.2.1. Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O CEIP Manuel Masdías encóntrase nunha zona costeira da provincia da Coruña, concretamente no barrio de Caranza na cidade de Ferrol.

O barrio de Caranza amosa unhas características singulares dende o punto de vista socioeconómico e cultural, as cales se ven reflectidas na escola. A poboación que se veu asentando no barrio foi moi heteroxénea: traballadores e traballadoras, fundamentalmente

do sector naval, procedentes en primeira ou segunda liña do medio rural ou do derrubado barrio ferrolán de Esteiro, poboacións de etnias minorizadas, e mesmo profesionais das clases medias ou medias altas (enxeñeiros, médicos, militares,...) que se asentaron en edificios de cooperativas.

Contou o barrio dende o seu comezo cun forte asociacionismo, fundamentalmente no ámbito da Asociación de Veciños, e das culturais e deportivas, que teimou duramente para conseguir os servizos e os espazos necesarios para constituír un lugar habitable e mesmo acolledor. Ó longo destes anos foise conseguindo, aínda que quedan cousas por facer e mellorar.

Sen embargo, esa heteroxeneidade da poboación, por estatus e por procedencia, impediu que o barrio tivese un asentamento cultural, dándose a circunstancia de que ás novas xeracións nadas no barrio non se lles transmitiron as raíces culturais (de xeito salientable, a lingua) que os máis maiores posúen, e presentan unha certa alienación cultural e unha escasa presenza de valores en moitos casos que, unida á recorrente crise económica e ás conseguíntes situacións de falta de traballo, dificultan enormemente a intervención escolar e crean con certa frecuencia situacións de conflito social. Unha das eivas importantes, que tamén ten a súa tradución na escola, é a baixa presenza dos servizos sociais do concello, atopándonos con que moitas problemáticas escolares derivadas de situacións de conflitos familiares ou situacións de desamparo, non son atendidas convenientemente. Resulta imprescindible poder contar con persoal de traballo social que sirva de ponte e dirección naqueles casos de forte desestruturación familiar ou outras problemáticas que inciden de xeito moi notable na intervención educativa.

O barrio ten, non obstante, unha saúde de ferro e sabe xuntarse para demandar cando é necesario, e tamén sabe festexar e divertirse en múltiples ocasións ó longo do ano, a través de celebracións e festas nas que se fai presente o sentido comunitario e procurar polo tanto unha personalidade de barrio propia.

1.2.2. Contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo e relación con outros Plans e Proxectos

O Plan Dixital contribuirá, en gran medida, na consecución dos obxectivos establecidos no Proxecto Educativo, tales como:

- Conseguir que o alumnado acade os obxectivos xerais da etapa.
- Interrelacionar os diferentes contidos curriculares para que o noso alumnado adquira un grao de desenvolvemento axeitado nas diferentes competencias.
- Potenciar a utilización das TICS como recurso didáctico de gran importancia nestes tempos.
- Dar os pasos necesarios para implantar o traballo por proxectos e colaborativo en todos os niveis escolares.
- Potenciar as iniciativas que promovan e propicien a innovación educativa.

- Promover a coordinación docente e a participación de todos os membros da comunidade educativa na vida do centro, facilitándolles canles de información, participación e de xestión.

Ademais de contribuír ao logro de todos estes obxectivos do Proxecto Educativo, o Plan Dixital vai incidir positivamente noutros proxectos nos que participa o centro, tales como:

- Proxecto E-Dixgal, no que o centro participa dende hai catro cursos escolares e que supón a dotación dun ordenador persoal ao alumnado e ao profesorado, así como dun aula virtual propia, de contidos dixitais e de ferramentas de creación.
- Radio escolar. O centro conta cunha equipación completa de radio dende hai dous cursos, usada por distintos cursos, tanto de Educación Infantil como de Educación Primaria.
- Robótica. O centro dispón de varios robots educativos (Lego WeDoo, DOC...).

Cabe destacar tamén a relación do Plan Dixital co Plan de Dinamización das TIC, elaborado no curso 2020/2021, no que aparecen recollidos aspectos como infraestruturas, actividades a desenvolver, uso dos recursos existentes, etc., que serán detallados no presente proxecto.

3. Breve xustificación do mesmo

A necesidade da existencia dun Plan Dixital nos centros escolares ven recollida en distintas normativas, tanto de carácter autonómico, como nacional e europeo. Aquí detállanse unha serie de normas *que recollen a necesidade do seu desenvolvemento nas distintas etapas educativas*:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

4. Proceso de elaboración

A elaboración deste Plan Dixital recaeu nun equipo de profesorado, formado por un total de trece persoas, que traballaron de forma conxunta para o seu desenvolvemento, a pesar de realizar determinadas actividades (que se detallarán a continuación) de maneira individual.

Nun primeiro momento desenvolveuse o Test Selfie, no que cada mestre/a e alumno/a (só de 5º e 6º) respondeu de xeito individual. Posteriormente, descargouse o seu informe, que foi analizado polo equipo de profesorado previamente citado, establecendo as dificultades, ameazas, fortalezas e oportunidades (informe DAFO). Tamén de xeito individual foi cuberto o test CDD, do que posteriormente se obtivo un informe que indicaba o nivel de competencia dixital do profesorado (entre A1 e C2).

Con toda esta información, foron realizados os obxectivos do Plan Dixital, de forma conxunta, para posteriormente elaborar o Plan Dixital.

2. Situación de partida

1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Na actualidade, o CEIP Manuel Masdías conta cos seguintes recursos informáticos, repartidos nas instalacións do centro do xeito que se indica a continuación.

Aula de informática

- Ordenadores de sobremesa, que non reciben uso.
- Parede cun croma.
- Impresora 3D.

Aula de música

- 1 ordenador de sobremesa para o profesorado
- 1 pizarra dixital
- 1 minicadena
- 1 cadea musical
- 1 reproductor DVD
- 1 pantalla de proxección

Biblioteca

- 1 ordenador de sobremesa, ao que ten acceso a persoa encargada da biblioteca e os/as seus/súas colaboradores/as.
- 2 Ordenadores de sobremesa para uso do alumnado.
- 1 Canón e pantalla de proxeción
- 1 Sistema de son.
- Tablets.

Dirección

- 2 ordenadores de mesa.
- 1 impresora.
- 1 scanner.
- 4 portátiles.
- 2 ultraportátiles (para posible préstamo ao alumnado, de cara a frear unha posible fenda dixital).

Xefatura de estudos

- 1 ordenador de mesa.

Secretaría

- 1 ordenador de mesa.

- 1 impresora/fax.

Sala do profesorado

· 1 ordenador de sobremesa, para o profesorado. Este ordenador ten moitos anos e funciona, en moitas ocasións, de xeito negligente (moi despacio e con problemas de conectividade).

- 1 Canon con pantalla de proxección.

Aula de pedagogía terapéutica

- 1 ordenador portátil.

Aula de AL

- 1 tablet.
- 1 ordenador de sobremesa.
- 1 proxector.

Sala de usos múltiples

- 1 ordenador, cun mal funcionamento.
- Proxector.
- Equipo de son.

Aulas ordinarias

· As aulas de Infantil e as de 3º e 4º de primaria contan con 1 ordenador portátil ou de sobremesa por aula e unha pantalla dixital.

- As clases de 1º e 2º contan con ordenador de e monitor interactivo de 65 pulgadas.

· Nas aulas de 5º e 6º de Educación Primari, por formar parte do proxecto Edixgal, o alumnado conta cun ordenador portátil de uso persoal.

Departamento de orientación

- 1 ordenador.
- 1 impresora.

Aula de radio

- 1 mesa de mesturas.
- 5 micrófonos.
- 5 cascos.
- 1 ordenador portátil con dobre pantalla.

Uso común

- 2 Tablets.
- 1 Equipo de son portátil.

En relación á conectividade do centro, a conexión é moi variada:

- Por cable.
- Por conexión sen fíos na rede edu.xunta.
- Por conexión sen fíos na rede Abalar, para os ordenadores do proxecto E-Dixgal.

A calidade da conexión varía en función da modalidade, sendo a que mellor funciona a rede Abalar, a menos usada no centro, seguida pola rede por cable e sendo a rede edu.xunta a menos eficiente e que máis problemas de conectividade xenera.

En canto a servizos dixitais, o centro conta cunha páxina web, aula virtual, E-Dixgal, Abalarmóbil e Facebook.

2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Primaria
A -Liderado	Equipo	3.1
	Profesorado	3.5
	Alumnado	0
B- Colaboración e redes	Equipo	3.3
	Profesorado	2
	Alumnado	3.7
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo	3.7
	Profesorado	3.1
	Alumnado	4.3
D- Desenvolvemento	Equipo	4.4
	Profesorado	4.3
	Alumnado	0
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo	3.6
	Profesorado	3.7
	Alumnado	0
F- Pedagogía: Implementación	Equipo	3
	Profesorado	3.2
	Alumnado	4
G- Prácticas de avaliación	Equipo	2.8
	Profesorado	2.8
	Alumnado	0
H- Competencias dixitais do	Equipo	3
	Profesorado	3
	Alumnado	4.1

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	6	10	60
PROVISIONAL	4	4	100
	1	1	100
INTERINO	3	3	100
SUBSTITUTO	2	2	100
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
78	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0
A2	4	25
B1	9	56,3
B2	2	12,5
C1	1	6,3
C2	0	0
TOTAL	16	100,00%

3. Análise DAFO

Fortalezas	Debilidades
A.2. Desenvolvemento da estratexia co profesorado. A.3. Novas modalidades de ensinanza. B.2. Debate sobre o uso da tecnoloxía. C.1. Infraestrutura. C.2. Dispositivos dixitais para a ensinanza. C.3. Acceso a Internet. C.5. Asistencia técnica. C.7. Protección de datos. C.8. Dispositivos dixitais para o aprendizaxe. C.10. Dispositivos para o alumnado. C.11. Brecha dixital: medidas para identificar retos. C.12. Brecha dixital: apoios	A.1. Estratexia dixital. B.3. Colaboracións. B. 4. Sinerxías para o aprendizaxe mixto. C.13. Traer o propio dispositivo. G.1. Avaliación das capacidades. G.3. Retroalimentación adecuada. G.6. Comentarios a outros/as alumnos/as sobre o seu traballo. G.8. Documentación da aprendizaxe. H.7. Creación de contidos dixitais. H.11. Aprender a codificar ou programar. H. 13. Resolver problemas técnicos.

<p>para abordar retos.</p> <p>C.14. Espazos físicos.</p> <p>C.15. Tecnoloxías asistenciais.</p> <p>D.1. Necesidades de DPC.</p> <p>D.2. Participación no DPC.</p> <p>D.3. Intercambio de experiencias.</p> <p>E.1. Recursos educativos en liña.</p> <p>E.2. Creación de recursos dixitais.</p> <p>E.3. Emprego de contornos virtuais de aprendizaxe.</p> <p>E.4. Comunicación coa comunidade educativa.</p> <p>E.5. Recursos educativos abertos.</p> <p>F.1. Adaptación ás necesidades do alumnado.</p> <p>F.3. Fomento da creatividade.</p> <p>F.4. Implicación do alumnado.</p> <p>F.5. Colaboración do alumnado.</p> <p>G.5. Autorreflexión sobre a aprendizaxe.</p> <p>G.7. Avaliación dixital.</p> <p>H.1. Comportamento seguro.</p> <p>H.3. Comportamento responsable.</p> <p>H.4. Verificar a calidade da información.</p> <p>H.6. Outorgar recoñecemento ao traballo dos demais.</p> <p>H.7. Creación de contidos dixitais.</p> <p>H.8. Aprender a comunicarse.</p> <p>H.10. Habilidades dixitais para diferentes materias.</p> <p>H.11. Aprender a codificar ou programar.</p> <p>H. 13. Resolver problemas técnicos.</p>	
Oportunidades	Ameazas
<p>C.16. Bibliotecas/repositorios en liña.</p> <p>F.6. Proxectos interdisciplinares.</p>	<p>Non se detectador ameazas.</p>

3. Plan de Acción

1. Obxectivos, indicadores e accións

Todos eles aparecen detallados nas táboas que se recollen a continuación.

"Área/s de mellora":						
OBXECTIVO (1):	Crear un banco de recursos dixitais en liña.				Acada-do	
RESPONSABLE:	Claustro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Subéñse, polo menos, 10 recursos dixitais ao mes.					
Valor de partida (3)	2,1 sobre 5.					
Valor previsto e data (4)	Acadar un 3 sobre 5.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSA-BLES(6)	DATA PRE-VISTAFIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación dun blogue que actúe como banco de recursos dixitais.	Coordina-dor/coordinadora TIC.	Outubro 2022.	Plataforma de blogue gratuita para empregar como repositorio.	Dispoñibilidade do blogue no prazo previsto.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación do profesorado no uso da plataforma para subir os materiais.	Formador/a enviado polo CFR.	Novembro 2022.	Formador ou formadora.	Realización da formacióne participación do profesorado na mesma.	Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
AO1.3: Publicitación do blogue nas redes e sociais e web do centro.	Coordinador TIC.	Xuño 2023.	Redes sociais e web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":						
1. OBXECTIVO (3):	Crear un Protocolo de actuación ante problemas técnicos				Acada- do	
RESPONSABLE:	Empresa externa concertada polo centro cunha tarifa plana mensual				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O 60% das incidencias se resollen nun prazo acordado coa empresa					
Valor de partida (3)	3,5 valor de partida sobre 5, (3,3 equipo directivo/, 3,4 profesorado e 3,8 alumnado)					
Valor previsto e data (4)	Intentar obter un 4 sobre 5 en cada un dos grupos implica- dos na valoración			A 31 de outubro de 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PRE-VIS-TA FIN (7)	RECURSOS NECESA-RIOS(8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORA-CIÓN DA AC-CIÓN (9)	ESTA-DO (10)	
AAO1.1: Crear un equipo encargado de elaborar o Protocolo e nomear coordinador.	Equipo Directivo	Primeira se-mana de se-tembro	Acta de reu-nión do claustro		Realiza-da	
					Apraza-da	
					Penden-te	
AO1.2:Inventario e etiquetado dos aparellos que formen parte do Proto-colo e do contrato coa empresa	Equipo responsables	Terceira se-mana de se-tembro	Disponibilida-		Realiza-da	
					Apraza-	

	de problemas técnicos		dehoraria		da	
					Penden-te	
AO1.3:Elaboración do protocolo parao seu debate no claustro.	Equipo responsables de problemas técnicos	Primeira se-mana de outubro	Disponibilida-dehoraria		Realiza-da	
					Apraza-da	
					Penden-te	

2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro conta con distintas necesidades, tanto de equipamento como de infraestruturas, para a consecución dos obxectivos do Plan Dixital e do Plan de dinamización das TIC. Estas necesidades son:

- Necesidades de infraestrutura: mellorar a conectividade á rede sen fíos edu.xunta.
- Necesidades de equipamento: aínda que o centro conta cun ordenador por aula, completamente equipado, e ordenadores nas distintas estancias que se utilizan, moitos deles son moi antigos e teñen un funcionamento negligente. Así, sería necesaria a renovación dos equipos das aulas de 3 anos a 4º de Educación Primaria, do equipo da sala de Mestres, dos ordenadores para o uso do alumnado da biblioteca, a creación dun aula de informática con ordenadores novos e funcionais e a renovación completa do equipo de ordenador e proxector da sala de usos múltiples (salón de actos).
- Servizos Dixitais Educativos: sería útil a creación dunha web do centro cunha interface máis intuitiva, así como a posibilidade de que o profesorado use Abalarmóbil no dispositivo móbil e non só no ordenador.

1. Avaliación do plan

A avaliación do plan dixital desenvolverase de xeito periódico, tendo en conta dous contextos diferentes:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

1. Difusión do plan

A difusión do Plan Dixital desenvolverase do seguinte xeito:

- Facilitaráselle unha copia impresa a cada membro do Claustro e do Consello Escolar.
- Na dirección, secretaría e en xefatura de estudos haberá un exemplar con esta documentación a disposición de toda a comunidade educativa para a súa consulta.
- Na páxina web do centro estarán publicados os documentos elaborados para a súa consulta, a todos os membros da comunidade educativa.

- Na Reunión Xeral, que celebramos a principio de curso informárase de que poden acceder á consulta de calquera documento do centro ou a unha copia do mesmo.

PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC



C E I P M A N U E L
M A S D I A S F E R R O L



1.- XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Tendo en conta que as novas tecnoloxías da información e da comunicación son unha realidade na sociedade actual, é importante e decisivo que o sistema escolar non quede alleo ao que acontece cos novos medios.

O modo en que funcionan e para que son utilizadas as novas tecnoloxías na aula aportan valiosas innovacións en canto á forma de representar, expresar, coñecer, cuestionar... o coñecemento e as formas de aprendizaxes de profesores e alumnos.

O que debemos ter presente é que o tratamento que se lle dará aos novos medios implicará unha mellora en todas as materias.

As novas tecnoloxías aportarán beneficios facilitando o traballo cooperativo, a motivación do noso alumnado, unha fonte de adquisición de información... e polo tanto requiren a preparación do profesorado, de aí a importancia de formación neste ámbito.

Con todo isto as TIC pasan a ser un instrumento indispensable nos Centros Educativos, todo un mundo se abre ante nós grazas a Internet, podemos acceder a enciclopedias, foros, webs, blogs...recibimos información, pero tamén é importante ensinar aos rapaces e rapazas, os posibles problemas da Rede, deste modo, debemos prepararlos para un uso seguro e eficaz de Internet.

Así mesmo, tras a situación creada pola Covid-19 as TIC pasaron a ser un elemento moi importante para desenvolver a aprendizaxe co alumnado cando esta non pode ser presencial, polo que é vital tratar de reducir a brecha dixital, algo que se ve especialmente acusado no noso centro.

O noso centro está dentro da rede de centros Edixgal, polo que consideramos esencial este plan para o seu óptimo desenvólvemente.

2.- OBXECTIVOS

1. Mellorar ou modificar a web do centro e fomentar o seu uso pola comunidade educativa.
2. Aproveitar e maximizar o uso dos equipos Edixgal.
3. Reutilizar e reciclar equipos anticuados e darlles uso.
4. Facilitar o acceso ás TIC a tódolos alumnos/as.
5. Fomentar o uso das novas tecnoloxías como ferramenta docente.
6. Apoiar e formar ao profesorado no uso das TIC.
7. Aprender o manexo básico dos sistemas operativos e dos programas educativos de software libre que se van utilizar.
8. Realizar experiencias concretas para o uso das TIC nas áreas e niveis correspondentes.



9. Facilitar a utilización das TIC na atención a alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo.
10. Desenvolver estratexias para a búsqueda, selección e organización de contidos.
11. Integrar efectivamente as TIC no proceso de ensino e aprendizaxe.
12. Facilitar o acceso a toda a comunidade educativa á información, recursos e servicios que se implanten.
13. Promover experiencias multidisciplinares e o intercambio de coñecemento dentro e fóra do noso centro.
14. Favorecer o uso máis educativo destes medios para os alumnos/as.
15. Manter, ampliar e mellorar a dotación informática do colexio.
16. Favorecer o uso da Aula Virtual do centro.
17. Manexo da radio escolar por parte do alumnado e do profesorado.
18. Uso da radio escolar como recurso didáctico.
19. Creación de cursos de informática para pais e nais do cole

3.- DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

A) METODOLOXÍA

O obxectivo do Sistema Educativo é promover a adquisición de diversas capacidades por parte do alumnado, tendo en conta as súas propias peculiaridades. Deste xeito, o profesorado dos distintos niveis empregará as ferramentas TIC como parte do proceso de ensino-aprendizaxe. Do mesmo modo, o alumnado empregará distintas ferramentas TIC (ordenadores, tablets, robótica...) para desenvolver a súa aprendizaxe.

B) CONTIDOS

Conceptos:

1. Apertura e peche de aplicacións.
2. Creación de documentos en distintas ferramentas.
3. Gardado e recuperación de documentos.
4. Acceso a páxinas web.
5. Utilización dun navegador.
6. Coñecemento de distintos procesadores de texto.
7. Edición de documentos mediante procesadores de texto.
8. Elaboración de presentacións sinxelas.



9. Uso da Aula Virtual.
10. Coñecemento e manexo de Edixgal.
11. Uso da pizarra dixital.
12. Manexo de aplicacións de índole educativa.

Actitudes:

1. Participación de maneira activa nas distintas actividades.
2. Respeto polos compañeiros e compañeiras.
3. Valoración polos programas de software libre.
4. Valora os distintos recursos empregados nas sesións.
5. Respeto polo mestre e polos materiais empregados na aula.
6. Interese polas distintas tarefas ou explicacións.

C) ACTIVIDADES

Algunhas das actividades tipo que se poden realizar en Educación Infantil son:

- Proxección de películas ou vídeos creados.
- Uso do PowerPoint para iniciar os proxectos.
- Emprego da pizarra dixital para traballar a lateralidade cos rapaces.
- Uso da pizarra para proxectar películas.
- Uso dos ordenadores para traballar con programas educativos ou xogos virtuais que estimulen as súas capacidades.
- Uso de recursos en Inglés

Estas actividades pódense realizar en Educación Primaria:

- Empregar xogos ou programas virtuais para potenciar as capacidades dos nenos/as nos primeiros ciclos.
- Empregar a pizarra dixital para traballar actividades creadas en ferramentas de distinta índole (Kahoot, Quizziz, Socrative, Genially...).
- Usar procesadores de texto para traballar vocabulario e redacción nas diferentes linguas.
- Uso da pizarra para proxectar documentais ou vídeos didácticos nas diferentes áreas.
- Emprego da páxina web del centro para publicacións, avisos, traballos.
- Uso da aula virtual para desenvolver proxectos educativos
- Iniciación dos alumnos/as no uso de programas como Power Point, Word, Canva... para que lles axuden na súa realización de traballos empreñando os



ordenadores.

- Uso dos ordenadores para buscar información en Internet, cómo buscar, cómo usar recursos da rede...
- Iniciación dos alumnos/as ás webquest ou miniquest.

4.- O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

A) ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE

As novas tecnoloxías poden proporcionar múltiples beneficios a todo o alumnado no seu proceso de ensino aprendizaxe, pero o emprego das TICs resulta especialmente interesante no tratamento da diversidade e na atención do alumnado con necesidades específicas.

As necesidades dos alumnos do noso centro son moi diversas, sendo as máis frecuentes os problemas de aprendizaxe e os trastornos de lectura e escritura. Pero tamén contamos no centro con alumnos que presentan necesidades educativas específicas: Motoras, sensoriais, TDAH...

Consideramos que na atención a todos estes alumnos sería moi interesante o emprego das TICs, xa que:

- Permite un tratamento máis personalizado ao alumno no ritmo das actividades.
- Mellora a súa atención.
- Abre novas posibilidades tanto persoais como laborais para solventar na medida do posible as dificultades ou limitacións dos alumnos con NEEs.
- Incrementa a motivación.
- Facilita o acceso á información.
- Mellora a calidade da resposta educativa.
- Aumenta a calidade de vida dos alumnos con NEEs.
- Aumenta a autoestima.

Por todo isto, trataremos de ir incrementando o emprego das TICs na atención educativa que ofrecemos a estes alumnos.

Obxectivos:

- Facer unha relación de material educativo informático e multimedia interesante para traballar cos alumnos con NEEs.
- Incrementar a dotación de software educativo das aulas de Pedagogía Terapéutica.
- Ofrecer aos alumnos un maior número de experiencias empregando as TICs.



Actividades:

Preténdese, neste caso, ir incrementando o uso de diversas ferramentas informáticas, tanto na aula ordinaria coma na aula de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe. As actividades serán adaptadas ás necesidades de cada alumno e alumna.

B) UTILIZACIÓN DAS TICS EN IGUALDADE DE CONDICIÓNS PARA AMBOS SEXOS

Na escola teremos en conta este aspecto referente á igualdade de condicións en canto ao emprego dos novos medios.

Tanto no acceso a Internet, como no referente aos recursos que se utilicen terase presente que tanto as rapazas como os rapaces teñan as mesmas ocasións de uso, sen discriminacións e polo tanto en igualdade de condicións.

Será importante polo tanto ter presente este aspecto na busca de recursos na rede.

C) AS TIC E O FOMENTO DOS VALORES DEMOCRÁTICOS E A CONVIVENCIA

A finalidade do actual Sistema Educativo é que os alumnos vaian adquirindo de modo gradual unha serie de competencias relacionadas, por unha banda, con diversos contidos curriculares, pero tamén por outra con diversas actitudes e procedementos.

Ao igual que ocorre co fomento da convivencia entre os membros da comunidade educativa e a igualdade de xénero entre os dous sexos, as novas tecnoloxías poden ser concebidas como medio de fomento de valores democráticos.

Mediante actividades interactivas que poden ser realizadas mesmo dentro de cada área ou materia, como temas transversais, podemos promover no noso alumnado a idea de igualdade entre as persoas, así como a toma de decisións en equipo coa finalidade de acadar un obxectivo ou resolver un problema.

D) AS TIC NA POTENCIACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A biblioteca pode ser considerada como un dos piares en canto nos referimos a busca e intercambio de información.

A integración dos medios informáticos cos antigos soportes de información facilitan e dinamizan o uso da biblioteca por parte da comunidade educativa. O sistema de préstamo de recursos bibliográficos vese axilizado polo uso dun ordenador de xestión, que simplifica o



proceso.

5.- A UTILIZACIÓN DOS RECURSOS TIC EXISTENTES NO CENTRO

Na actualidade, o CEIP Manuel Masdías conta cos seguintes recursos informáticos, repartidos nas instalacións do centro do xeito que se indica a continuación.

- **Aula de informática**

Ordenadores de sobremesa.

Parede cun croma.

- **Aula de música**

1 ordenador de sobremesa para o profesorado

1 pizarra dixital

1 minicadena

1 cadea musical

1 reproductor DVD

1 pantalla de proxección

- **Biblioteca**

1 ordenador de sobremesa, ao que ten acceso a persoa encargada da biblioteca e os/as seus/súas colaboradores/as.

2 Ordenadores de sobremesa para uso do alumnado.

1 Canón e pantalla de proxeción

1 Sistema de son

2. Tablets

- **Dirección**

2 ordenador de mesa

1 impresora

1 scanner

- **Xefatura de estudos**

1 ordenador de mesa

- **Secretaría**

1 ordenador de mesa

1 impresora/fax

- **Sala do profesorado**

1 ordenador de sobremesa, para o profesorado.

1 Canon con pantalla de proxección



- **Aula de pedagogía terapéutica**

- 1 ordenador portátil

- **Aula de AL**

- 1 tablet

- 1 ordenador de sobremesa

- **Aulas ordinarias**

As aulas de Infantil 31 e 4º de primaria contan con 1 ordenador portátil ou de sobremesa por aula e unha pantalla dixital. A maiores, a clase de 3º de primaria conta con tablets Snaped.. As clases de 1º e 2º contan con ordenador de sobremesa e monitor interactivo de 65 pulgadas.

- **Aulas de 5º e 6º de Educación Primaria**

Por formar parte do proxecto Edixgal, o alumnado conta cun ordenador portátil de uso persoal

- **Departamento de orientación**

- 1 ordenador

- 1 impresora

- **Aula de radio**

- 1 mesa de mesturas

- 5 micrófonos

- 5 cascos

- 1 ordenador portátiles con dobre pantalla

Uso común

- 2 Tablets

- 1 Microscopio dixital

- 1 Equipo de son portatil

- 6 portátiles con internet usb para uso do alumnado

6.- A ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO

A organización de recursos informáticos do Centro farase segundo petición previa, por orde de inscrición, e sempre por semanas (nunca por semanas anticipadas para que todos teñan as mesmas posibilidades).

Verase así mesmo a posibilidade de recuperación de antigos equipos para o uso por parte do alumnado para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, así como para o uso no caso de confinamento domiciliario naqueles casos que non teñan recursos no domicilio.



7.- PREVISIÓN DAS MODIFICACIÓNS NO PLAN ANUAL

O Plan Anual contemplará o uso das TIC no Centro de forma globalizada, tendo en conta a igualdade de oportunidades para toda a comunidade educativa.

Debemos entender os novos medios como medios, ferramentas que nos permitirán dar un claro e moderno soporte ao noso traballo diario de aula cos nosos alumnos e alumnas.

Temos que ter en conta que aparecerán reflexadas unha metodoloxía innovadora e o tratamento da transversalidade. Tamén se deixarán establecidos os principios de atención á diversidade do alumnado existente no Centro, a igualdade entre ambos sexos e a aparición de valores democráticos a través das TIC.

No plan anual quedarán reflexadas as medidas que se terán en conta respecto aos espazos, recursos materiais e horarios, incluíndo a integración das TIC nos distintos niveis educativos e nas programacións dos diferentes departamentos.

8.- PLAN DE AVALIACIÓN

Debe atender aos aspectos relacionados co alumnado, aos relativos ao profesorado e o funcionamento xeral do centro, así como a implicación das familias.

Tamén se analiza o nivel de competencia no uso de equipos e programas, e se detectan as necesidades formativas por parte do profesorado.

9.- PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO PARA A ÓPTIMA EXECUCIÓN DO PROXECTO

Dentro do Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) os Mestres e mestras do centro están a recibir formación en novas tecnoloxías e o seu uso na aula, así como en radio escolar.

Abril do 2021

PLAN DE ORIENTACIÓN

Curso 2023/2024

ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN.**
- 2. XUSTIFICACIÓN.**
 - 2.1. MARCO LEGAL
 - 2.2. CONCEPTO DE ORIENTACIÓN
 - 2.3. NECESIDADES EDUCATIVAS.
- 3. CONTEXTO**
- 4. COMPOSICIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.**
- 5. OBXECTIVOS.**
- 6. CONCRECIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS**
- 7. RECURSOS**
 - 7.1. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS.
- 8. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS**
- 9. TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES**
 - 9.1. PLAN DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
- 10. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PO**

1. INTRODUCCIÓN.

O Plan Anual de actuación do Departamento de Orientación que se presenta a continuación contempla un conxunto de accións destinadas a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe (E-A), expoñendo a axuda que se dispensa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A Orde do 24 de xullo de 1998, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 31/07/98), refírese no artigo 15º ao Plan de Orientación como un documento que deberá redactar o orientador/a, coordinando a súa realización e seguimento co persoal que conforme o Departamento de Orientación.

2. XUSTIFICACIÓN.

A xustificación do Plan de Orientación fundaméntase nunha base sólida de tres aspectos fundamentais: o **marco legal** actual que regula as liñas de actuación da orientación educativa, o propio **concepto de orientación** e as súas vertentes e das **necesidades do centro** educativo, que dende a orientación se lles debe proporcionar unha resposta.

2.1. MARCO LEGAL

O Marco legislativo vixente que regula o funcionamento do Departamento de Orientación é o seguinte:

NORMATIVA XERAL
<i>-LEY ORGÁNICA 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.</i>



-REAL DECRETO 157/2022, de 1 de marzo, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Primaria.

-REAL DECRETO 95/2022, de 1 de febrero, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Infantil.

-DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

-DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

-REAL DECRETO 984/2021, de 16 de novembro, por el que se regulan la evaluación y la promoción en la Educación Primaria, así como la evaluación, la promoción y la titulación en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato y la Formación Profesional

-ORDEN de 26 de mayo de 2023 por la que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria y se regula su evaluación.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

-DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

-ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

-DECRETO 120/1998, de 23 de abril, pola que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.



-ORDE de 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

-REAL DECRETO 943/2003, de 18 de julio, por el que se regulan las condiciones para flexibilizar la duración de los diversos niveles y etapas del sistema educativo para los alumnos superdotados intelectualmente.

-CIRCULAR 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

-CIRCULAR 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrución para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa na comunidade autónoma de Galicia.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE/PROTOCOLOS

-Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).

-Protocolo para la atención educativa del alumnado con el síndrome de Down y/o discapacidad intelectual.

-Protocolo para la atención educativa al alumnado con discapacidad auditiva.

-Protocolo para la intervención psicoeducativa de la dislexia y/u otras dificultades específicas del aprendizaje.

-Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.

-Protocolo de atención en urgencias sanitarias y atención educativa al alumnado con enfermedad crónica.

-Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.

-Protocolo de prevención y actuación en los ámbitos sanitario y educativo ante el riesgo suicida infanto-juvenil.

CONVIVENCIA

-LEY 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

-DECRETO 8/2015, de 8 de enero, por el que se desarrolla la Ley 4/2011, de 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa en materia de convivencia escolar.

2.2. CONCEPTO DE ORIENTACIÓN.

A Orientación enténdese coma unha función global da educación, dende a cal están implicados todos os axentes da comunidade educativa: O/A xefe/a do Departamento de Orientación, mestres/as especialistas de AL e PT, mestres/as titores, alumnado, familias e aqueles profesionais externos ao centro educativo que prestan atención ao alumnado. Dende este concepto procurárase proporcionárselle aos nenos/as a axuda necesaria para facilitarlles a adaptación e para que poidan acadar o seu pleno desenvolvemento, tanto a nivel persoal como académico.

En concordancia, tal e como se recolle no *Decreto 120/1998 do 23 de abril*, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 27/04/1998), a orientación educativa enténdese como “un proceso necesario no que está incluída a totalidade da comunidade educativa”. É aquí onde prima a colaboración entre os distintos axentes, tendo en conta o principio de inclusión e globalización. Polo tanto, é un proceso onde familia e escola deben de colaborar e coordinar as súas actuacións partindo dos intereses e necesidades do alumnado.

2.3. NECESIDADES EDUCATIVAS.

A nivel xeral, co alumnado do centro, identifícanse necesidades de traballar o desenvolvemento das competencias emocionais e sociais así como tamén de mellorar o nivel e rendemento académico en xeral (facendo fincapé en carencias amosadas na comprensión e expresión escrita, na lectura, na competencia matemática, nas técnicas de traballo e estudo...). Isto realizarase a través da Acción Titorial e a Orientación.

De xeito específico tratarase de dar resposta, a través do proceso de ensino-aprendizaxe, a todos aqueles alumnos/as do centro que presentan necesidades específicas de apoio educativo. Neste senso, sinálase a presenza das seguintes necesidades:

- Alumnado con **Necesidades Educativas Especiais**, derivadas de condicións persoais de discapacidade física, psíquica, sensorial, ou de graves trastornos da personalidade ou de conduta.
- Alumnado con retraso madurativo.
- Alumnado con **trastorno do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación**.
- Alumnado con Trastorno de Atención e/ou Hiperactividade.
- Alumnado con **descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe**.
- Alumnado que se atopa en **situación de vulnerabilidade socioeducativa**.
- Alumnado con Necesidades Educativas Especiais derivadas de **Altas Capacidades Intelectuais**.
- Alumnado con **dificultades específicas de aprendizaxe** derivadas de ritmos lentos, dificultades importantes de aprendizaxe das técnicas instrumentais, falta de estimulación, falta de hábitos, dificultades da linguaxe...
- Alumnado con **situacións persoais sociais ou culturais desfavorecidas** ou que manifeste dificultades graves de adaptación escolar.
- Alumnado de **incorporación tardía ao sistema educativo**.



- Alumnado con **condicións persoais ou de historia escolar** especiais.

Do mesmo xeito, inclúese tamén calquera outro alumnado que, nun momento dado, ao longo do curso, requira unha atención educativa específica.

3. CONTEXTO.

A xustificación contextual do noso POA, está fundamentada no Proxecto Educativo (PE) do centro e nos seus diferentes aspectos.

O CEIP Leticia está localizado en Ferrol, no barrio de Caranza. A zona caracterízase por ser de poboación obreira e de nivel socioeconómico medio-baixo. Ademais, no centro escolarízase arredor dun terzo de alumnado de etnia e alumnado procedente do estranxeiro que, en moitas ocasións, amosan problemas de absentismo escolar, situacións de vulnerabilidade socioeducativa e/ou situacións persoais, sociais ou culturais desfavorecidas. Como consecuencia, a colaboración con entidades externas de tipo social será prioridade con moito deste alumnado.

No actual curso o centro conta con 3 unidades de Educación Infantil (EI) e 5 unidades en Educación Primaria (EP), sendo un total de 133 alumnos/as matriculados no centro.

4. COMPOSICIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

En referencia á estrutura do DO para o presente curso 2023/2024, estará composto polos seguintes membros:

COMPOSICIÓN DO
<u>Xefe/a do Departamento de Orientación:</u> Isabel Aneiros Castro.
<u>Mestres/as de Audición e Linguaxe:</u> Laura Galdo Leal, Susana García Bouza (titora de 4º EP) e Laura López Rodríguez (tamén titora de 5º EP).



Mestres/as de Pedagogía Terapéutica: Marcos Salgado Vázquez e M^a Sandra Cendán

Tojeiro (titora de 2º EP).

Coordinador/a E. Infantil: Vanesa Fachal Mella

Coordinador/a 1º ciclo: Paula Díaz Rodríguez

Coordinador/a 2º ciclo: Remedios Fernández Piñeiro

Coordinador/a 3º ciclo: Laura López Rodríguez

Sinalar que, o CEIP Leducia, comparte Departamento de Orientación co CEIP Plurilingüe a Laxe, sendo o primeiro o centro base.

Seguindo as directrices da *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia* regulada polo *Decreto 120/1998*, ao longo do curso escolar levaranse a cabo unha serie de reunións que quedan organizadas da seguinte forma:

- **Reunión semanal cos mestres especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica**, para coordinar a atención ao alumnado e as medidas de atención á diversidade.
- **Reunións mensuais e trimestrais do Departamento de Orientación.**
- **Reunións mensuais de coordinación cos titores/as e profesorado:** Realizaranse xuntanzas por ciclos.
- **Reunión coas familias:** para recabar información sobre o alumnado obxecto de atención educativa así como informalos e asesoralos sobre aspectos puntuais do seu interese, referidos ao desenvolvemento do alumno/a e ao seu proceso de ensino-aprendizaxe.

- **Reunións de coordinación co equipo directivo:** para tratar todos aqueles aspectos puntuais referidos ao departamento: establecer aspectos organizativos, elaborar informes segundo as necesidades que vaian xurdindo.

5. OBXECTIVOS.

Os obxectivos propostos dende o Departamento de Orientación para o presente curso 23/24, xorden do análise das funcións do propio DO, recollidas no *Decreto 120/1998, do 23 de abril*, polo que se regula a Orientación Educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e na *Orde 24 de xullo de 1998*, que o desenvolve, permitindo unificar as actuacións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional en Galicia. Formúlanse obxectivos xerais e específicos e, estes últimos divídense en 4 niveis: **centro, alumnado, profesorado e familias/comunidade educativa.**

REFERIDOS AO CENTRO

- Participar na revisión, actualización e desenvolvemento de Plans e Proxectos do centro co fin de adaptalos ás necesidades actuais e incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención á diversidade.
- Contribuír a dinamizar e planificar a organización psicopedagóxica e metodolóxica.
- Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.
- Cooperar coa comunidade educativa (Equipo Directivo, profesorado..) e axentes externos, favorecendo canles de comunicación e actuación.

- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.
- Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico as actividades de orientación e tutoría.

REFERIDOS AO ALUMNADO:

- Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe (a través de medidas de atención á diversidade), impulsando iniciativas de compensación de desigualdades, minimizando o risco de exclusión social, etc.
- Procurar a inclusión do alumnado con NEAE.
- Organizar os apoios ó alumnado que precise atención específica (reforzo educativo ou Adaptación Curricular) dentro dos niveis , en colaboración coa dirección, tendo en conta a dispoñibilidade horaria do profesorado.
- Atender, na medida do posible, á totalidade das demandas dirixidas ao Departamento de Orientación.
- Coordinar o proceso de avaliación psicopedagóxica, e a transmisión de información os titores, o alumnado e ás familias.
- Actualizar os informes psicopedagóxicos existentes no rexistro do departamento.
- Identificar na avaliación psicopedagóxica as dificultades e altas capacidades dos alumnos/as, propoñendo medidas educativas de atención e concretando pautas de Colaborar na acollida do alumnado de nova incorporación ao centro e no proceso de avaliación inicial.
- Favorecer e fomentar as actitudes de cooperación e axuda os demais, desenvolvemento da empatía e Habilidades Sociais.

- Proporcionar orientación educativa incidindo no asesoramento académico ós alumnos en tránsito de etapa: Educación Infantil-Educación Primaria e Educación Primaria-Educación Secundaria Obrigatoria.

REFERIDOS AO PROFESORADO:

- Asesorar ao profesorado na elaboración, desenvolvemento e avaliación das AC.
- Coordinar a actuación do profesorado titor, do profesorado de apoio a NEAE e da Orientadora, de cara a dar resposta ás NEAE do alumnado.
- Asesorar aos equipos docentes e aos equipos directivos en temas de avaliación, promoción e titulación, as posibles consecuencias para o alumnado das correspondentes decisións e as opcións académicas que delas se derivan, así como asesoramento ao alumnado e as súas familias.
- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo entre as etapas de Educación Infantil e Primaria.
- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e titorial e, sobre todo en relación á atención á diversidade e á inclusión.
- Asesorar e apoiar os titores/as nas necesidades que lles vaian xurdindo no desempeño da función titorial.
- Dar a coñecer ao equipo docente as actuacións levadas a cabo polo Departamento de Orientación.

REFERIDOS ÁS FAMILIAS/COMUNIDADE EDUCATIVA:

- Proporcionar ás familias a información necesaria sobre o desenvolvemento dos seus fillos e fillas e impulsar a súa colaboración e cooperación co centro educativo.

- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados e potenciar as relacións familia-escola.
- Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desvantaxe socioeducativa, pertencer a minorías étnicas ou por estar vivindo situacións complexas ou problemáticas.
- Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de Orientación Específico (EOE), DO dos IES ou doutros centros.
- Coordinar a intervención do DO coas distintas institucións e profesionais que incidan na atención ao alumnado con NEAE (Saúde Mental Infantil-Xuvenil, UAMI, Centros Cívicos...).

6. CONCRECIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS.

A determinación de liñas prioritarias de actuación é un paso necesario nunha planificación de accións realistas e efectivas, en consecuencia coas finalidades da orientación reguladas pola normativa e tras a análise das necesidades da nosa comunidade educativa, que parte *da Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia*, que define as liñas prioritarias de actuación que deben ser tamén referente da nosa acción orientadora, no sentido de establecer ámbitos de actuación preferente dentro das accións que o departamento ten determinadas.

As **accións prioritarias** serán:



ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA INCLUSIÓN E A DIVERSIDADE

- Asesoramento e colaboración, no ámbito das súas competencias, na elaboración do Proxecto Educativo e os plans incluídos no mesmo, sobre todo no referido á atención á diversidade.
- Elaboración e posta en práctica de programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de atención á diversidade á realidade e características de cada alumno/a.
- Asesorar ao equipo docente na elaboración e desenvolvemento das Adaptacións Curriculares, das programacións e/ou das medidas de reforzo
- Asesorar á comunidade educativa sobre os recursos existentes para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (N.E.A.E.).

ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA ACCIÓN TITORIAL

- Colaborar co equipo docente no desenvolvemento das medidas contempladas no Plan de Acción Titorial.

ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA CONVIVENCIA E EDUCACIÓN EN VALORES

- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución de conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do centro.

ACTUACIÓNS RELACIONADAS CO POA E COA MEMORIA DE CADA CURSO:

- Manter actualizado o Plan de Orientación.
- Realizar a Memoria do departamento en base ao desenvolvemento do Plan Orientación.



ACTUACIÓNS RELACIONADAS CO PROCESO DE AVALIACIÓN

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos termos que se establezan.
- Facilitar, en forma e prazo, a información que se demanda na aplicación informática DRDorienta e DRDadi.

7. RECURSOS.

Os recursos dos que se dispón clasifícanse en: recursos humanos e recursos materiais.

RECURSOS HUMANOS

- Departamento de Orientación, cuxa constitución sinálase con anterioridade.
- Equipo docente, que colaborarán xunto co DO.
- Profesionais de servizos externos (servizos sanitarios, Atención Temperá, logopeda, traballadores sociais, asociacións...), que poidan colaborar e intercambiar información relevante sobre o desenvolvemento do alumnado.

RECURSOS MATERIAIS:

- PE e PXA.
- Escalas de observación e tests psicométricos.
- Follas de rexistro.
- Expediente do alumnado.
- Mobiliario e material adaptado.
- Material escolar e de reforzo.
- Bibliografía específica.



7.1. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS.

Atendendo ao Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o artigo 7 do Decreto 120/98 do 23 de Abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, o orientador/a do centro xunto cos mestres/as de A.L e PT do centro estableceran o horario de atención ao alumnado con NEAE. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios partindo sempre das necesidades máis graves e permanentes e intervindo una vez detectadas ditas NEAE.

- A. Atenderase a aquel alumnado con necesidades educativas permanentes, con informe do DO, EOE e servizos externos.
- B. Atenderase ao alumnado obxecto dunha AC (Adaptación Curricular).
- C. Priorizarase os apoios en cursos baixos, no eido de poner en práctica medidas de detección temperá e preventivas.
- D. Atenderase primeiro ao alumnado con NEAE que xa esgotara a medida de repetición de curso.
- E. Os apoios do profesorado de Audición e Linguaxe faranse, prioritariamente, co alumnado de menor idade, para evitar que se consoliden as dificultades na linguaxe e ter una actuación preventiva.
- F. Na atención ao alumnado procedente do extranxeiro priorizarase aquel alumnado que descoñeza o castelán, o galego ou ambos, na etapa de Educación Primaria.

De ser preciso, os apoios educativos fora da aula ordinaria levaráanse a cabo durante o horario do profesorado titor e non nas especialidades, sempre co expreso consentimento da familia do alumno/a.

Por outra banda, o profesorado con dispoñibilidade horaria levará a cabo apoios

dentro da aula. Así mesmo, tanto este profesorado como os mestres/as titores, levarán a cabo a medida de Reforzo Educativo, entre outras, con aquel alumnado que o precise, dentro da aula ordinaria. Deste reforzo educativo o/a titor/a informará ás familias.

8. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

A metodoloxía empregada estará baseada nun **enfoque cooperativo** e nunha **participación activa**, donde todos os membros da comunidade poidan expresarse e facer propostas. Partindo do debate para chegar á resolución conxunta dos diferentes temas.

Ademais, partirase dun **enfoque construtivista** que será levado a cabo por profesionais cualificados nun ambiente propicio onde se traballa o redor de diversos proxectos que favorecen especialmente ao alumnado con NEAE ao permitir compartir cos seus compañeiros/as actividades e tarefas non só curriculares, favorecendo así a súa integración e relación persoal.

A axuda no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado con NEAE realizarase no seu grupo clase polo equipo docente, adoptando ás medidas acordadas e oportunas e recibindo o apoio das especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, dentro e fóra da aula. As pautas de intervención serán decididas polo Departamento de Orientación tendo en conta as necesidades que presenta o alumnado, as posibilidades que se teñan e o obxectivo de favorecer unha aprendizaxe significativa e funcional.

O desenvolvemento das actividades estará baseado nas seguintes estratexias metodolóxicas:

- **Reunións colectivas:** equipo docente, titor/a con familias, xuntas de avaliación, Departamento de Orientación, Claustro, CCP, Consello Escolar, comisións...

- **Reunións individuais** entre os diferentes membros da comunidade a través de entrevistas para intercambios de información.

9. TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

9.1. PLAN DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

A continuación, recóllense todas as actuacións que se levarán a cabo polo DO ao longo do curso académico 2023-2024, xunto coa temporalización correspondente.

Actividades do DO	Intervención do DO	TEMPORALIZACIÓN
Elaboración, modificación e aprobación do Plan de Orientación (P.O.E)		Setembro-outubro
Elaboración e aprobación do Plan de Actividades do Departamento de Orientación (P.A.A.D.O.)		Setembro-outubro
Actualización do Plan de Acción Titorial (PAT)		Setembro-outubro
Actualización do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)		Setembro-outubro
Revisión e organización dos expedientes do arquivo do Departamento de Orientación.		Setembro-outubro
Recollida de solicitudes das Becas NEAE 20-21 e elaboración dos informes necesarios para adxuntar.		Ata 30 de setembro

Asesoramento na realización da avaliación inicial.	<ul style="list-style-type: none"> • Detección de NEAE e dificultades de aprendizaxe • Elaboración das medidas educativas especiais e apoios • Seguimento do período de adaptación 	Setembro
Toma de decisións relativas as avaliacións.	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de propostas para a organización de actividades de reforzo e apoio dirixidas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo 	Trala avaliación inicial de setembro
Dar a coñecer á comunidade educativa o Protocolo de derivación de casos ao DO para a avaliación psicopedagóxica.		Setembro.
Realización de avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes.	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar información ao profesorado titor sobre o alumnado obxecto de avaliación 	Ao longo do curso
Orientar e colaborar na elaboración de Adaptacións Curriculares (AC) e seguimento das mesmas.	<ul style="list-style-type: none"> • Apoio na elaboración e desenrolo das AC por parte do profesorado de cada área 	Ao longo do curso
Realizar os Expedientes de Adaptación Curricular (E.A.C.)		Outubro-novembro
Elaborar a relación de material do alumnado que dispón de CHEQUE.		Setembro-outubro
Renovar as solicitudes de intervención do EOE do curso pasado.		Setembro-outubro
Reunións semanais do Departamento de Orientación.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización do plan do departamento 	Ao longo do curso

Adquisición de material e equipamento específico do DO.	<ul style="list-style-type: none"> • Establecemento das necesidades. 	
Elaboración dos horarios de PT e AL.	<ul style="list-style-type: none"> • Priorización das necesidades 	Setembro
Proposta de organización e elaboración dos apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria.	<ul style="list-style-type: none"> • Elevar á xefatura de Estudos para a súa aprobación. 	Setembro- outubro
Traslado de información do alumnado con N.E.A.E. ao equipo docente	<ul style="list-style-type: none"> • Informar a cada titor/a das necesidades coas que conta na súa aula e das medidas a adoptar. 	Ao longo do curso
Colaboración na acollida do alumnado de nova incorporación ao centro.		Setembro
Reunións coas familias.	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitando información relevante ás familias sobre a avaliación psicopedagóxica e orientacións sobre as dificultades identificadas, os apoios establecidos e os progresos dos seus fillos 	Ao longo do curso
Programa de traballo a desenvolver co alumnado de apoio. Seguimento das aprendizaxes.	<ul style="list-style-type: none"> • En coordinación co profesorado que da clase o alumnado. 	Ao longo do curso
Colaboración e coordinación cos servizos externos que atenden ao alumnado (N.E.A.E.)		Ao longo do curso
Manter liñas de colaboración cos DO dos centros públicos de Ferrolterra.	<ul style="list-style-type: none"> • Aportar información que temos dos alumnos/as. 	Ao longo do curso
Cubrir o DRdadi 21/22		Outubro-novembro

Seguimento e avaliación do periodo de adaptación.	<ul style="list-style-type: none"> Se fará un seguimento da adaptación ó novo curso escolar por parte dos/as nenos/as. 	Setembro
Participación nas sesións de avaliacións	<ul style="list-style-type: none"> Se participará nas sesións de avaliación. 	Decembro
Seguimento dos casos de absentismo escolar.		Ao longo do curso.
Elaboración de informes das intervencións por parte das mestras especialistas PT e AL.		Ao finalizar o curso
Asesoramento e colaboración co profesorado titor na elaboración dos plans específicos de reforzo do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.		Xuño
Informes de altas de PT e AL.		Ao longo do curso.
Estudio dos resultados da avaliación do 1º trimestre, medidas a adoptar	<ul style="list-style-type: none"> Organizar as medidas de reforzo segundo os resultados da avaliación 	Xaneiro
Apoio ó alumnado con NEAE.	<ul style="list-style-type: none"> Organizando os reforzos e actividades así como asesorando os titores 	Xaneiro
Elaboración do DRdorienta.		maio-xuño
Elaboración dos informes de final de ciclo e/ou etapa do alumnado que foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica		Xuño
Informar das solicitudes de cambio de centro.		Xuño



Avaliación do Plan de Orientación.		xuño
Avaliación do Plan de Actividades do DO.		xuño
Elaboración e aprobación da Memoria do DO.		xuño

10. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PO.

Para propoñer uns obxectivos e poder constatar cal é o seu grao de consecución é necesario levar a cabo un proceso de avaliación. Neste caso a avaliación abranguerá tres momentos:

- **Avaliación inicial:** servirá para obter información do punto de partida. Para iso empregaranse os datos da memoria final do curso pasado, a avaliación global do alumnado do curso pasado, os datos recollidos nos expedientes do Departamento, os resultados obtidos da avaliación inicial dos alumnos de Educación infantil e Primaria así como as demandas realizadas nos distintos niveis, partindo sempre do coñecemento dos recursos materias e humanos cos que se contan.
- **Avaliación continua:** terá carácter formativo. Permitirá adaptar as nosas actuacións ás demandas e necesidades existentes. Basearase nos resultados das diferentes actividades que se leven a cabo, ademais da valoración sobre elas de docentes, familias, etc. Dunha forma periódica, reunirse o DO para analizar a marcha das diferentes actividades e programas propostos para este curso académico, realizando as oportunas melloras e modificacións. Farase unha revisión trimestral de ditas actividades.

- **Avaliación final:** teranse en conta os datos das outras avaliacións e as reflexións do profesorado que permitirán saber se os obxectivos propostos foron axeitados e realistas, co fin de contribuír á mellorar para o vindeiro curso.

No mes de xuño realizarase a avaliación do Plan de Orientación, dos procesos e dos resultados, que se incorporará á Memoria do Departamento de Orientación que incluírá unha reflexión sobre os logros acadados e as dificultades atopadas, así como posibles medidas para paliarlas e establecendo plans de mellora.

Entre os **criterios de avaliación** que se terán en conta, cabe subliñar os seguintes:

- Grao de coordinación entre os membros do Departamento de Orientación e calidade da mesma.
- Grao de coordinación acadado coas institucións e axentes externos e calidade da mesma.
- Grao de participación do alumnado nas actividades previstas.
- Grao de participación e implicación do equipo docente nas actividades e medidas propostas e nivel de cumprimento.
- Efectividade e validez das medidas de atención a diversidade.
- Idoneidade dos medios e recursos dispoñibles para a realización das avaliacións psicopedagóxicas.
- Grao de coordinación e colaboración coas familias do alumnado.

Para concluír, resaltar que esta programación terá un carácter aberto, flexible e revisable co obxecto de contribuír á mellorar a calidade do ensino.



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO DE EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA LEDICIA

Ferrol, 27 de setembro de 2023

Xefa do Departamento de Orientación

Isabel Aneiros Castro

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023-24

Esta Programación Xeral Anual foi informada e aprobada nos aspectos docentes polo Claustro de profesores/as e aprobada polo Consello escolar do centro en sesións celebradas o día 17 de outubro do 2023.

Vº e prace

A secretaria



Asdo.: Estefanía Bustabad Rodríguez



A directora

32696731T

LAURA

GALDO (R:

Q6555402D)

Asdo.: Laura Galdo Leal

Firmado digitalmente por
32696731T LAURA GALDO (R:
Q6555402D)
Fecha: 2023.10.19 14:31:53 +02'00'